




# OS GALLOS

Revista de divulgación da cultura marítima e fluvial · Bueu · Nº-2 - 3 euros



Cofradía de pescadores  
San Martiño  
Bueu



DEPUTACION DE  
PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

# Índice

|   |     |
|---|-----|
| Editorial.  | .02 |
| As Asociacións.   | .03 |
| A Carpintería de Ribeira en Galicia. Presente e Futuro.     | .08 |
| Viñetas.  | .13 |
| Mastros e Velas.  | .14 |
| En Porto Marte. Agardando a que Regrese a Area.             | .20 |
| A Fotografía de Anxo Cabada.                                | .23 |
| Viñetas.  | .24 |
| Colección de Modelos de Barcos.                             | .25 |
| Sucedeu en Cabo Udra.                                       | .26 |
| Contos da Tilla.  | .27 |
| Embarcacións Tradicionais Galegas.                          | .30 |
| Unha Noite ó Xeito.   | .31 |
| Homenaxe aos Náufragos.                                     | .33 |
| Recuncho Literario. Poemas.                                 | .34 |
| Recuncho Literario. Escritos Escolares.                     | .36 |
| Viñetas.  | .42 |
| A Postal.   | .43 |
| Refraneiro. Refrás da Lúa.                                  | .44 |
| A Auga. ¿Un Ben Patrimonial?                                | .45 |
| XI Encontro. 2007.  | .46 |
| Programa XII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Bueu. | .47 |
| Mapa de Situación.  | .48 |

**Dirección:** Ana Gil.

**Equipo de Redacción:** Sonia Conde, Carmen Rodríguez, Emma Tilves, Ana Gil, Víctor Domínguez, Paco Álvarez.

**Colaboradores:** Luis Davila, Dionisio Pereira, Jose Manuel Castaño, Xaime Toxo, Salvador Rodríguez, La Wanda do Río, Jesús Framil, Berta Aldán, Marcial López, Anxo Cabada.

**Diseño e Maquetación:** Saraiba Informática e Deseño.

**Corrección de Textos:** Carmen Rodríguez.

**Patrocina:** Concello de Bueu.

**Enderezo:** galosbueu@yahoo.es

**Número de ISSN:** 1888-606X

**Depósito Legal:** PO 459/2006

**Imprime:** Nográfica.

## Editorial

¿En que momento deixamos de ver o mar como algo propio? ¿Quedou como pano de fondo, como valor engadido para vender un piso con vistas?

Bueu segue a ser un pobo mariñeiro, pero a cada paso esa relación parece máis feble. No tocante ao traballo, porque o sector primario se ve desprestixiado nunha sociedade que mira cara á vida nas cidades e un futuro tecnolóxico, pero tamén porque a capacidade de navegar como parte do tempo de lecer non está afianzada como unha opción para a xuventude; é algo que hai que propiciar porque chatear nunha gamela ten infinitas posibilidades... (moitas máis, seguramente, que o chateo na rede virtual).

Se non se coñece o mar, toda a superficie parece infinita; se non se nomean os baixos, as rochas, os penedos da costa que serven para orientarnos... Porque estas rías teñen tamén a súa microtoponimia, que desaparece se non se transmite, mentres se voga, mentres se mira para o fondo. Os nomes tamén morren se consideramos o mar só como un asunto de turistas e mariñeiros; pasaría como en terra, que os nomes das leiras desaparecen a medida que aparecen novas urbanizacións. O cemento acaba co minifundismo.

Neste número da revista preséntase o labor das diversas asociacións que posibilitan a continuidade nas xeracións que aprenden os diversos xeitos de achegarse ao mar.


O director de cine Jaime Rosales dicía que non podemos deixar todas as decisións importantes nas mans dos políticos. Debemos ser os cidadáns os que recuperemos a posibilidade de definir coma son as nosas vidas. E neste contexto cremos que o estaleiro de Purro é unha das últimas oportunidades de manter a relación co mar e que debe sobrevivir rehabilitado e dignificado. Porque tamén cremos que a cultura non é un parque temático e que se transmite mediante o traballo, o oficio ou as palabras aplicadas na manipulación da madeira, non só nas palabras escritas na cartela dun museo.

Vendo traballar, participando no lugar onde se traballa, aprendemos da nosa cultura; non pode esconderse toda a actividade produtiva no patio de atrás, nos polígonos industriais.

O mar non pode ser o fondo dunha imaxe ideal, dicía Marcial Gondar nun ciclo de conferencias sobre a paisaxe no Consello da Cultura Galega; non pode ser só o momento en que convertemos a paisaxe nun obxecto colocado nun marco (da nosa ventá quizás) pois nese momento deixamos de sentir que pertencemos a esa xeografía e dalgún xeito rachamos co vínculo que cada xeración renovou ao seu xeito.

Os clubs e asociacións de Bueu, que traballan día a día mantendo unha relación co mar, son a sociedade que se organiza para ofrecerlles múltiples oportunidades aos novos que queren achegarse aos deportes de vela, mergullo, remos, pesca, windsurf, esquí acuático...; pero tamén a recuperación dos vellos oficios nos que a textura da madeira ten un significado. Logo, temos que aprender por que se escolleron árbores con formas curvas e a coñecer as vetas, e por que se lle deu tempo á madeira para secar, para curar.

Esta revista é un xeito máis de amosar que non só as madeiras e o mar son organismos vivos. Hai moitos xeitos de dialogar con eles, sen cemento de por medio.



# As Asociacións

## COFRADÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO DE BUEU

A Confraría de Pescadores de Bueu foi fundada o 29 de setembro de 1924, segundo Regulamento que leva data do 21. Nun principio o seu domicilio social radicaba na rúa Praia, número 100 da vila. Na actualidade sitúase no porto de Bueu, contando cunhas instalacións modernas e equipadas. É unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar, para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lle están encomendadas, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro e representa os intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector.

“ Con tu puedo y con mi quiero  
vamos juntos, compañero

Mario Benedetti

Conta con 300 socios que desenvolven actividade pesqueira e marisqueira na costa dende cabo Silleiro ata Corrubedo. A flota artesanal de Bueu está integrada por 137 embarcacións (Fonte: Confraría de Bueu, xaneiro 2007), a maioría (90%) de menos de 12 metros de eslora que desenvolven a súa actividade en caladeiros próximos á costa (pesca do día). Son moi importantes as poxas de polbo, percebe e navalla con descargas anuais de 200.000, 13.000 e 29.000 kg respectivamente. A Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu explota a lonxa de Bueu.

## O CONTORNO

Situado no marxe sur da boca da ría de Pontevedra, Bueu presenta unha diversificación do mercado laboral na que a pesca mantén unha alta significación con respecto a outros sectores (Fonte: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural). Este sector emprega o 30% da poboación ocupada, representando o valor máis alto dos municipios da Comarca do Morrazo e un 11% superior á media do mesmo (Fonte: INE, 2001). A actividade pesqueira fortalece a creación de emprego noutros sectores (por exemplo servizos), valora o municipio como centro turístico dadas as características artesanais da pesca desenvolvida e incentiva a fixación da poboación. Segundo datos do Padrón, no ano 2006 habitaban a poboación 12.537 persoas (Fonte: Instituto Galego de Estatística), polo que se pode considerar como pequena e altamente dependente da pesca.

## OS PROXECTOS

Son diversos os proxectos nos que a Confraría de Bueu veñen participando nos últimos anos. Con iso a entidade pretende colaborar na importante responsabilidade que como asociación posúe (e dada a actividade dos seus asociados), mediante a difusión e sensibilización do sector pesqueiro en temas vinculados á pesca responsable e desenvolvemento sostible. A entidade é a primeira interesada en perpetuar a actividade pesqueira, e comprendeu que o camiño é a participación de todos os seus socios na mellora da actividade principal que desenvolven. Durante o ano 2007 naceu BueuINforma, un ambicioso proxecto de divulgación da cultura mariñeira e formación no seu posto de traballo (in situ) para pescadores da Confraría de Bueu. Ademais pretende a mellora das capacidades de acción colectiva dos pescadores e mariscadores do Concello de Bueu.

BueuINforma está cofinanciado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, mediante a orde do 6 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento de concesión de axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro. BueuINforma pretende ser un referente na divulgación da cultura mariñeira, un activo da sociedade galega, pouco coñecido e que é necesario transmitir. Un dos seus obxectivos é poder servir como soporte educativo para a realización de actividades sobre pesca responsable, cultura mariñeira... a outros centros de ensino e Confrarías de Galicia. É por iso que BueuINforma está aberto á participación activa de calquera centro de ensino ou confrarías de pescadores (inclúense aquí cooperativas, organización de produtores, asociacións, agrupacións, etc.).



Os obxectivos xerais do proxecto son a execución de accións de promoción, formación e divulgación de:

- Pesca responsable
- Boas prácticas medioambientais na pesca
- Comercialización
- Diversificación económica do sector pesqueiro
- Trazabilidade
- Calidade de produtos pesqueiros
- Organización sectorial
- Novas tecnoloxías da información e comunicación aplicadas ao mar
- Identificación de riscos (prevención aplicada)
- Xestión pesqueira (reservas, protección, etc.)

Está dirixido a pescadores, pescadoras, mariscadores, mariscadoras e escolares do Concello de Bueu directamente, e indirectamente ao resto de persoas interesadas de Galicia mediante ferramentas on-line ([www.bueuinforma.org](http://www.bueuinforma.org)).

Como parte do proxecto convocáronse dous concursos:

O primeiro destinado a pescadores de toda Galicia, no que se premiará a mellor idea sobre pesca responsable (consultar as bases na páxina web do proxecto). O segundo, en colaboración coa asociación "Os Galos" é un concurso de literatura mariñeira dirixido a todos os mozos en idade escolar do Concello de Bueu.

Ademais de BueuINforma, a Confraría atópase desenvolvendo proxectos relacionados coa mellora comercial e de xestión dalgúns dos principais produtos pescados pola flota buenense. Cabe destacar o proxecto Auctio Octopus (sobre a mellora da comercialización e xestión pesqueira da pesqueira de polbo) ou o proxecto de avaliación da pesqueira de navalla da ría de Pontevedra, cara a unha explotación sostible. Todos eles teñen por obxecto a sustentabilidade social, económica e ambiental dos recursos explotados.

## O FUTURO

O futuro é un camiño a seguir, con pequenas metas que alcanzar e un gran obxectivo: mellorar a xestión e interacción da pesca co noso medio. A Confraría de Bueu é consciente das dificultades do camiño, pero tamén da necesidade de seguilo. Nos últimos anos o sector artesanal está sumido en importantes cambios: é o seu destino traballar para mellorar e colaborar nun mar sostible, no que todos os actores poidan colaborar e participar.

## CLUB NÁUTICO BELUSO



O Clube Nautico de Beluso foi constituído o 20 de Decembro do 2002 en Asamblea Xeral celebrada en Beluso.

A finalidade do Clube é a promoción da práctica nautico-deportiva facendo especial atención na modalidade de vela.

O Clube Nautico de Beluso forma parte do Consello Municipal de Deportes e o número de socios supera actualmente o medio centenar.

No ano 2003 organizouse unha regata de cruceiros coa participación dun cento de persoas. Este ano, o clube amplía a súa oferta de regatas e actividades de promoción do deporte da vela como cursos para escolares, escolas permanente de vela, etc...

Dende entón, o Clube Náutico de Beluso organiza numerosas regatas cada ano nas que se lle da cabida a diversas modalidades de vela.

## CLUB DE MAR DE BUEU

O Club do Mar Bueu foi fundado en 1981. Dende os seus comezos adicouse a promocionar o remo entre os máis xoves sendo o seu obxectivo fundamental a recuperación do remo como práctica deportiva en Bueu, que tivera noutros tempos fonda tradición competitiva e festiva.

Por non contar con instalacións propias, estivo ubicado en distintos baixos cedidos por afeccionados dun xeito desinteresado. Na medida en que estes os necesitaban, desaloxábanos e con todo o material de barcos, remos, zódiacs, balizas, desprazábanse en peregrinación a outro local.

En moitas ocasións os locais estaban mal ubicados para acoller o material dun deporte coma o remo. Os bateis e traíñeiras son longos e de manexo aparatoso en terra, polo que se tiña que parar o tráfico, apartar vehículos, atravesar toda a vila co material ata chegar ao mar..., coas conseguíntes molestias para o vecindario e, sobre todo, para os deportistas aos que realizar o adestramento diario se lles convertía nun cúmulo de problemas e riscos.

Como logros deportivos podemos falar, entre outros, da consecución de dúas bandeiras Concello de Bueu, unha bandeira Concello de Vilagarcía, varios primeiros postos en regatas de trañas nas Rías Baixas, un cuarto posto no Campionato de España de Bateis Sénior celebrado en Bermeo no ano 1986, un terceiro posto na Bandeira da Xunta de Galicia no ano 1985, un campionato de España de bateis celebrado en Astillero en 2001, etc.

Na actualidade temos en marcha unha escola de remo que inicia na práctica deste deporte a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 11 e 17 anos, adestrando asiduamente con persoal especializado e titulado do propio Club nas instalacións de terra da cetárea, onde se dispón dun pequeno ximnasio e dun foso para a práctica de remo, como na enseada do peirao de Bueu.

Dispoñemos dunha traíneira, dúas traíneiriñas, 5 bateis e unha zódiac como material deportivo de mar, un ximnasio equipado para o traballo de preparación física en terra e 5 remoergómetros, que empregamos para os adestramentos dos remeiros e para campañas de promoción do remo así como para a rehabilitación de deportistas e ex-membros do club.

As competicións federadas comezan a finais de febreiro ou principios de marzo na modalidade de bateis e percorren todas as vilas mariñeiras de Galicia. Durante o verán dispútase a modalidade de trañas, o barco máis popular e o que congrega un maior número de afeccionados nas súas regatas, das cales se realizan ao redor de 16 probas ou "bandeiras", dende a do Conde de Fenosa ata a da Xunta de Galicia, que remata a competición no mes de setembro.



## ASOCIACIÓN OS GALOS

A Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos" de Bueu, fúndase en Bueu no ano 2000, co obxectivo de promover, difundir e valorar o patrimonio marítimo, así como conservar e recuperar as embarcacións da zona.

Esta asociación, declárese como entidade cultural sen ánimo de lucro e independente de partidos político e outros grupos, sen perxuízo de colaboracións puntuais con distintas entidades, sempre que sexan acordos cós obxectivos da asociación



Na actualidade a asociación conta con 254 asociados, varios colaboradores activos e cunha boa disposición do pobo de Bueu a labor dos Galos.

A Asociación de Amigos de Embarcacións Tradicionais "Os Galos" de Bueu, ven facendo dende a súa creación unha interesante labor da revalorización da cultura marítima tradicional, contando cun total de 10 embarcacións dispoñibles para navegar : o bote polbeiro "As Lagoas", o Xeiteiro "Os Galos", a Traíña "Pescadoira", as Dornas "Banda do Río" e "Can do Penedo", o choupán "Faino ti" (gamela de dúas proas), varias gamelas, unha patera, o polbeiro con motor "O Delfín"

### ACTIVIDADES 2008

- II Concurso literario: "Un traballo por un paseo".
- Revista anual da Asociación.
- Obradoiros para escolares.
- Enquisa mariñeira.
- Singraduras.
- Participación noutros Encontros.
- Organización do XII Encontro de Embarcacións Tradicionais en Bueu (data prevista 15-16-17 de agosto do 2008).
- Concurso "Cousas da praia"

### OBXETIVOS DAS ACTIVIDADES

- Recuperación e valoración do saber e da memoria dos homes e mulleres do mar.
- Recopilación de contos lendas, versos, cantos...e anécdotas dos nosos vellos mariñeiros.
- Facer mediante estas actividades que a mocidade actual se interese por as experiencias dos avos mariñeiros
- Abrir unha posible comunicación e diálogos ente mocidade e os nosos maiores.
- Despertar nos rapaces e mozos (escolares) o interese polo mar como fonte de vida, e da navegación coma fonte de lecer.
- Estimular os escolares para respetar o mar e ás súas xentes.
- Elaborar un arquivo de datos de embarcacións, artes de pesca, mariñeiros e xentes relacionadas co mar.

Sendo sempre os obxetivos xerais de todas estas actividades

- Difusión da cultura galega en particular a cultura marítima.
- Divulgación do patrimonio marítimo
- Recuperación e revalorización das embarcacións tradicionais
- Promoción turística da vila mariñeira de Bueu.
- Propiciar o intercambio cultural con outros países da UE.

### ACTIVIDADES PRIORITARIAS

Dentro das actividades que os Galos veñen facendo anualmente, tres son para nós máis importantes:

- Recuperación e mantemento das embarcacións.
- Participación nos encontros.
- Revista anual de divulgación da cultura mariñeira.
- A participación nos encontros: normalmente esta asistencia realízase con outras asociacións da ría de Pontevedra, Arousa e Vigo pola súa accesibilidade por mar, aínda que se asistiu a outros por terra como por exemplo Ferrol 2007. Este ano ademais temos previsto asistir ao Encontro Europeo na Bretaña Francesa, concretamente en Brest, para o cal se pretende levar dous barcos: a traíña Pescadoira e o bote polbeiro Lagoas. Este desprazamento realizarase por terra, xa que por mar serían demasiados días pendentes da actividade e as condicións climatolóxicas do mar e do vento non sempre axudan. Este encontro esta previsto para o mes de julio 2008. O "XII Encontro de embarcacións tradicionais de Bueu" está previsto para o 15, 16 e 17 de agosto.
- A revista: dende o pasado número correspondente ao ano 2007 pasa a chamarse revista "Os Galos", este ano sairá a luz o nº 2 que corresponde ao ano 2008. Primordialmente é unha revista de divulgación da cultura marítimo tradicional de Bueu. A partires deste ano a revista contará con ISSN e formará parte dos arquivos da Biblioteca Nacional. Tamén pretendemos este ano facer unha tirada de máis exemplares en vista da boa acollida que ten.
- A recuperación dos barcos: é tarefa sempre dun pequeno e pouco valorado grupo de socios. Son os verdadeiros duendes Galos que co seu traballo fan que teñamos ese impagable patrimonio que son as nosas embarcacións.



### ESCOLA DE PESCA

Os primeiros alumnos da Escola Náutica de Bueu xa chegaron á xubilación. Non todos, pero bastantes. O centro inaugurouse en novembro de 1972 cos cursos de Competencia de Mariñeiro, Motorista Naval (aquele dos tres grupos: motores diesel, de explosión e semi diesel) e Patrón de Segunda clase de Pesca de Litoral. Así que se botamos contas, os mozos que ingresaron con 20 anos agora chegaron aos 55 e xa poden participar nos bailes dos domingos no Centro Social do Mar. No curso 73-74 a escola, cuxo orixe foi o Padroado Capela-Escola San Xosé, do que era presidente o alcalde José María Massó, transfórmasse en Centro de Formación de 1º grao da Rama Marítimo Pesqueira nas profesións de máquinas, ponte e cuberta de ponte, e radio. Na provincia de Pontevedra só se impartiron estes estudos en Bueu, Vigo e a Guarda.

Unha proporción grande dos alumnos ingresa sen obter o Graduado Escolar. Algúns deles considerábanse que non eran "bos alumnos" no ensino básico por alcanzar só o Certificado de Escolaridade. Os profesores non compartían esta opinión e a experiencia dálles a razón: aqueles "malos estudantes" de 15 anos agora mandan buques no GranSol, no Pacífico e nas Malvinas; ou son os responsables de que os motores funcionen como reloxos. Pena que en todo este tempo aínda non experimentaran a mellora das condicións laborais na pesca, con máis descansos e vacacións remuneradas, como sucedeu na mercante.



Coa homologación do centro, construído na parcela de 3.777 metros cadrados que o Concello de Bueu cedeu gratuitamente ao Instituto Social da Mariña (ISM) en 1949, o novo ensino regrado engádese aos cursos de adultos que se dan desde a súa creación. Pola mañá asisten os mozos, e pola tarde os maiores. Os alumnos das clases vespertinas prepáranse principalmente para embarcar na baixura (Competencia de Mariñeiro, Patrón de Pesca Local, Mecánico Litoral, Radiotelegrafista Naval Restrinxido) ou navegar dentro da ría (Patrón de Tráfico Interior).

Pero a escola, que ocupa un solar do que a maior superficie a doou Carmen de la Rúa Catani, tamén ensina para un nivel superior cos cursos de Patrón de Pesca de primeira clase e Mecánico Naval de segunda e primeira clase. A Escola Náutica de Vigo, a máis importante de Galicia e quizais do Estado, só avantaxa á de Bueu en tres titulacións pesqueiras.



Logo de 21 anos, en 1993, comeza a desaparición paulatina da FP pero continúa o ensino das titulacións menores náutico-pesqueiras. Pronto consegue homologacións da Dirección Xeral da Mariña Mercante para impartir cursos de supervivencia no mar, en 1994, e 10 anos máis tarde de Formación Básica, Mariñeiro de Ponte, de Máquinas e Patrón Portuario. Tamén ensina para obter os certificados de sanidade específica inicial e avanzada.

O centro, que comparte edificio coa capela de San Xosé, incorpora a súa programación a partir de 1997 as novas titulacións de baixura de Patrón Local de Pesca e Patrón Costeiro Polivalente, que substitúen ás anteriores. En 1998 empeza con ensinanzas para traballar en terra: soldadura, frío industrial, artes de pesca, informática e frases OMI.




No verán de 2006 a escola traspásase do ISM (Ministerio de Trabajo) á Xunta de Galicia (Consellería de Trabajo). En febrero de 2008 obtén o Certificado de Calidade UNE-EN ISO 9001:2000 outorgado por AENOR.

Forman a súa dotación tres traballadores da consellería (director, xefe de estudos e secretaria) e cinco profesores contratados. Son os encargados de ensinar aos alumnos que proveñen de toda a provincia, principalmente. Nos cursos básicos existe unha proporción grande de emigrantes. Por exemplo, no primeiro curso de 2008 de Competencia de Mariñeiro máis da terceira parte son estranxeiros.

Despois destes 35 anos de vida, polos que pasaron polas aulas máis de trece mil alumnos, a función da escola é máis necesaria ca nunca. En todo este tempo aumentaron os certificados e títulos que se precisan para embarcar e a Escola de F.P. Marítimo-Pesqueira de Bueu é o centro público da provincia de Pontevedra, con Bamio e a náutica de Vigo, que presenta unha oferta máis completa deles. Aínda así, moitos aspirantes quedan sen praza.

Os cursos que programa para este ano en titulacións náutico-pesqueiras son: Patrón Costeiro Polivalente, Patrón Local de Pesca e Competencia de Mariñeiro; para a Mariña Mercante: Patrón Portuario, Mariñeiro de Ponte, Mariñeiro de Máquinas, Formación Básica e Buques Ro-Ro; e para traballar en terra: Soldador de Estructuras Metálicas Pesadas.





DionisioPereira

# A Carpintería de Ribeira en Galicia, Presente e Futuro

Antes que nada quixera dicir que os contidos deste artigo están relacionados co proxecto “Carpintería de ribeira: estratexias innovadoras”, desenvolvido no ano 2006 polo Centro Tecnolóxico del Mar de Vigo-Bouzas e a Fundación Biodiversidad de Madrid. Neste traballo pretendemos realizar un estudo sectorial do sector da construción naval en madeira en Galicia, diagnosticando os problemas que o aguilloan para, posteriormente, propoñer medidas que permitan a sobrevivencia da carpintería de ribeira no noso país.

Comecemos, pois, cunha breve e sintética radiografía da construción naval en madeira ao día de hoxe, tendo en conta que é unha actividade de indubidables raíces identitarias logo dun devalar milenario no noso país, pois xa está documentada dende a teima do arcebispo Xelmírez por construír unhas galeras para combater as invasións viquingas na Baixa Idade Media:


- No ano 1995, segundo o estudo sectorial realizado para a Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería de Ribera en Galicia pola consultora Cintranaval, había en Galicia 73 establecementos de construción naval en madeira e, nos anos inmediatos, xubiláranse 18 carpinteiros. Daquela o sector empregaba en torno a 500 persoas de xeito directo e de carácter fixo
- No ano 2000, seguindo os datos aportados polo catedrático de Enxeñería Naval da Universidade da Coruña José M<sup>a</sup> de Juan, había en activo 51 carpinterías e asteleiros, con 9 titulares a piques de se xubilar e pechar o seu establecemento. Ademais, 14 daquelas carpinterías eran pequenos obradoiros adicados tan só á construción de pequenos botes ou gamelas.
- No ano 2006, segundo os datos procedentes do propio sector, só quedaban 29 establecementos que traballaban en madeira; deles, 8 xa hai anos que unicamente facían reparacións. Dos 21 restantes, 3 deles atópanse en pleno proceso de pasarse á construción en PRFV e 6 carpinterías están a piques de pechar por xubilación dos seus titulares e a penas teñen carga de traballo. O emprego do sector tense reducido drasticamente dende 1995.

En consecuencia, estamos diante dunha diminución moi acelerada das unidades de produción (máis dun 60% na derradeira década), o que evidencia unha aguda crise estrutural da construción naval en madeira no litoral galego.

Repasando agora a situación das carpinterías de ribeira en activo, podemos concluír que neste intre na beiramar galega tan só existen tres polos de actividade, tanto como receptores de man de obra como de materias primas:

- A Ría de Arousa, con 11 establecementos (3 no Grove, 3 en Rianxo, 2 en Aguiño, 2 na illa de Arousa, 1 no Chazo-Boiro), case todos adicados á construción. Deles, non obstante, 4 teñen perspectiva de abandonar a actividade en breve tempo.
- O Freixo-Outes, con tres asteleiros en activo. Cómpre lembrar que esta é unha zona onde no período medieval xa existía construción naval en madeira e mesmo nos anos 60 do século XX aínda traballaban na bisbarra arredor de 30 carpinterías de ribeira.
- Cabana de Bergantiños, con tres asteleiros, ao que cabería engadir un cuarto situado en Cereixo-Ponte do Porto.

Cómpre engadir, asemade, que na Ría de Vigo/A Guarda existen 4 asteleiros que aínda traballan en madeira, se ben en situación moi precaria a maioría deles, adicados máis que nada a reparacións. Por último, diremos que no norte de Galicia a actividade está a desaparecer, pois tan só unha carpintería teima en construír de tempo en tempo en San Cibrao, mentres as 4 restantes tan só se ocupan ocasionalmente das reparacións.




Os devanditos polos de atracción coinciden, ademais, coas zonas onde se presenta unha maior concentración de embarcacións construídas en madeira, ben sexa para a pesca ou para a acuicultura. Deste xeito, segundo os datos do derradeiro censo da flota pesqueira actualizado pola Consellería de Pesca, Acuicultura e Marisqueo, a Ría de Arousa reúne na actualidade 1.585 barcos de pesca construídos en madeira; a Ría de Vigo, 577; a de Muros, 566; e Fisterra-Costa da Morte, 423. Canto á acuicultura, a Ría de Arousa concentra o maior número de barcos de batea construídos en madeira.

Do anterior, tiramos o convencemento de que a construción naval en madeira segue a ter un indubidable interese para o chamado complexo mar-industria posto que a día de hoxe, e segundo o devandito censo, 3.921 barcos, que representan o 72% da nosa flota pesqueira, están construídos en madeira; e algo semellante acontece no apartado da acuicultura, xa que 802 barcos, que representan o 80% da flota mexilloeira, están feitos no material en cuestión. En consecuencia, o mantemento e reparación destes segmentos de flota seguen a dar moita carga de traballo a aquelas carpinterías que teñen unha infraestrutura axeitada para estes labores; eis, ramplas de varada, terreos acondicionados para a subida das embarcacións e facer o mantemento, guindastes-torre, etc. Sen embargo, non se debe esquecer que o avance da construción naval en fibras sintéticas (poliéster reforzado con fibra de vidro) é espectacular, pois no período comprendido entre o ano 1989 e o 2006 pasou de representar menos do 5% a un 18% do total dos barcos de pesca, incremento concentrado máis que nada naquelas embarcacións de eslora inferior aos 12 metros. Polo contrario, no mesmo período a flota construída en madeira pasou de representar un 89% do total dos barcos de pesca ao devandito 72%, cunha redución de unidades practicamente á metade das que existían a comezos da década dos 90 e que en cifras absolutas representa unha desaparición de case que 3.900 barcos, maiormente adicados a unha pesca artesanal que dende aquela vive unha auténtica reconversión.


## A CONSTRUCCIÓN EN MADEIRA HOXE

Se ben a pequena escala, hoxe en día séguese a construír barcos de madeira en Galicia para ser utilizados ben para a pesca ou a acuicultura, ben para a náutica de recreo ou no eido da recuperación de embarcacións tradicionais ou históricas. De acordo cos datos subministrados polas propias carpinterías navais que aínda constrúen, a súa distribución sería a seguinte:



Nota: \* Faltan datos dunha carpintería

Canto ás perspectivas, a carteira de pedidos para o 2006-2007, que hai que tomar con certa cautela posto que as expectativas sempre teñen un grao de incerteza, preséntase como segue:



O sector da carpintería naval en Galicia traballa maiormente para a pesca e a acuicultura, atendendo así mesmo a un segmento emerxente nos derradeiros anos como é a construción de réplicas das embarcacións tradicionais ou a rehabilitación de vellos navíos, xeralmente de pequena envergadura. Polo contrario, a náutica de recreo apenas ten importancia canto ás novas construcións: de feito, tan só unha carpintería está especializada neste campo (Astilleros Lagos, de Vigo-Bouzas, adicado dende hai anos á reparación de iates e motoras) no litoral galego e tan só se construíu esporadicamente algunha embarcación para pesca deportiva noutros estaleiros. Con todo, a construción ou rehabilitación de barcos tradicionais xunto cos de náutica de recreo rexistra unha evolución positiva, posto que nos últimos tres anos subiron dun 30 a un 40% do número total das construcións en madeira (sempre coa matización de que son embarcacións de pequeno porte).



A devandita é unha realidade ben distinta da que acontece noutros países europeos como Noruega ou Francia, nos que ou xa non se constrúe en madeira para pesca ou esta rúbrica está reducida á mínima expresión; en ambos países a carpintería de ribeira con métodos tradicionais está presente tan só no apartado de embarcacións tradicionais e históricas e, en menor medida, na náutica de recreo. Neste último apartado, en ambos países se veñen utilizando a cada máis novas técnicas de construción como os alistonados, os laminados-colados, os contrapalacados mariños, mediante o uso de resinas e colas epoxy, que melloran as prestacións das embarcacións, reducindo custos de produción e mantemento. Unhas técnicas que, combinando materiais e mesturadas coas tradicionais, tamén comezan a ser empregadas nunha minoría de establecementos do noso país, pero coa vantaxe de seren aplicadas así mesmo á construción de barcos de traballo, tal que os bateiros.



Outros países veciños como Portugal ou o resto do litoral do Estado español presentan trazos aínda máis negativos para a carpintería naval. En Portugal, onde se mantén a construción de barcos de pesca en madeira nun perfil aínda máis baixo que en Galicia, en Asturias ou no País Vasco, están a perder a ritmo acelerado ou xa perderon as súas derradeiras carpinterías de ribeira a prol do traballo en aluminio, aceiro ou PRFV; e a náutica de recreo en madeira ou a recuperación de embarcacións tradicionais e históricas ten aínda menor entidade que no noso país.

En resumidas contas, os problemas estruturais que ameazan o noso sector da construción naval en madeira afectan tamén, e se cadra en maior medida, a outros países ou rexións marítimas europeas. De feito, podemos dicir sen temor a nos equivocarnos que a maior concentración de establecementos de carpintería de ribeira en Europa se atopa na Ría de Arousa.

## CAUSAS E PROBLEMÁTICA DO DECLIVE

A continuación, exporemos de maneira moi resumida algunhas das causas que provocaron a crise na que está sumida a construción naval en madeira dende fins dos anos 80 do século XX e a problemática xerada ao seu redor.


- Esta crise ten como transfondo o devalo da pesca artesanal en Galicia no período considerado, o que vén provocando un pronunciado descenso das embarcacións en activo (embarcacións que foron construídas preferentemente en madeira) e unha notoria parálise da nova construción.

- A introdución das embarcacións en PRFV nos referidos anos 80 do século XX, axudada por

cualidades como o a forro en mantemento e a maior lixeireza e velocidade das mesmas, deu lugar a unha forte competencia coas construcións en madeira, máxime cando os novos materiais (tamén o aceiro) contarán co apoio da Administración. Este apoio estará plasmado no Plan PESGA elaborado en 1993 e no Decreto 798/95, que discriminará a madeira en favor dos outros materiais no tocante a posibles prototipos de

barcos de pesca e á obtención de subvencións para novas construcións. A devandita competencia desigual induciu a unha rebaixa de prezos nas construcións en madeira, o que repercutiu na calidade das mesmas. Particularmente negativo foi o emprego de madeira de baixa calidade nalgúns establecementos, provocando a desconfianza dos armadores e o desprestixio do sector. O resultado foi o peche de múltiples establecementos no período de referencia e a reconversión de boa parte da pequena construción naval ao traballo con materiais sintéticos (PRFV) de calidade dubidosa. En calquera caso, a competencia que aínda se mantén entre a madeira e os materiais alternativos ten lugar nun escenario onde os prexuízos sobre os presuntos altos custos de mantemento da madeira e a suposta baixa calidade da materia prima empregada prexudican en grande medida á carpintería de ribeira, identificada coa pobreza e co atraso.

- As actitudes discriminatorias por parte da Administración mediados os anos 90 foron substituídas posteriormente por un abandono do sector á súa sorte, sen que de ningún modo se incentivase a súa modernización e a adopción das novas técnicas de traballo da madeira.
- A falla dunha política forestal que incentive a produción de madeira de calidade, os problemas medioambientais xerados polos incendios e as deficiencias nas cortas dan lugar a un significativo incremento da importación de madeira estranxeira co conseguinte encarecemento dos produtos.
- Ata hai poucos anos, a exclusiva dependencia da construción naval en madeira da pesca en crise e da acuicultura, obviando outros segmentos do mercado (náutica de recreo, por exemplo), provocou unha forte redución dos pedidos. Tampouco a limitada introdución das novas técnicas da madeira no sector posibilitou unha maior renovación dos produtos e a procura de novos nichos de mercado.
- A desunión e a falla dunha política empresarial propiamente dita, xerou unha estratexia suicida de tirar abaixo os prezos, que non favoreceu nin o desenvolvemento do sector nin unha retribución axeitada aos profesionais que o conforman.
- O sector da construción naval en madeira é pouco visible para o conxunto da sociedade así como para os mercados potenciais e, asemade, está illado respecto dos axentes de I+D+i.
- Existe unha baixa estima da profesión na xuventude, debido ao delongado da súa aprendizaxe, ao esforzado da mesma e ás relativamente baixas retribucións que imperan no sector. O devandito provoca que non exista recambio para moitos profesionais que se xubilán, pechando os seus establecementos definitivamente.
- A formación empírica, transmitida de pais a fillos nas carpinterías, deu e está a dar produtos de alta calidade e fiabilidade no mar, pero na actualidade é insuficiente para nun novo escenario de renovación tecnolóxica e consideración das compoñentes medioambiental e de control de calidade no devalar das carpinterías de ribeira





## CAUSAS E PROBLEMÁTICA DO DECLIVE

Para rematar, faremos referencia a algunhas estratexias que poidan favorecer o futuro desenvolvemento do sector:

- Incrementar o valor engadido dos produtos mediante a fórmula do barco "chave na man", atendendo non só á construción do casco e da cabina mellorando a habitabilidade dos interiores, mais tamén ao deseño das formas, mecánica, electrónica e apartado administrativo. O devandito permitirá un maior beneficio á empresa e unha maior retribución aos profesionais, fixando a estes no sector.
- Practicar a polivalencia, tanto no que se refire ás técnicas do traballo en madeira (tradicionalas, novas tecnoloxías, mixtas) como á combinación de distintos materiais na construción naval tanto para o sector produtivo (pesca, acuicultura), como para a náutica de recreo, como para o apartado que poderíamos denominar cultural.
- Apostar pola formación tanto no ámbito da xestión empresarial como dos profesionais, facendo fincapé na aprendizaxe das novas técnicas (informática, novos métodos de impermeabilizado e pegado, combinación de materiais, etc.) de traballo da madeira. Posta en marcha dun centro permanente de formación en carpintería naval, que asegure tanto a formación teórica como as prácticas nas empresas do sector.
- Achegar os axentes de I+D+i ao sector, mediante unha política de cooperación coa Universidade e outros organismos (CIS Madera) mediante convenios e becas.
- Potenciar a recentemente (2007) constituída Asociación de Carpinteiros de Ribeira de Galicia (AGALCARI), como representante dos intereses do sector no seu conxunto e como interlocutora da Administración.

- Reclamar unha maior atención da Administración, que pode ter múltiples concrecións; entre elas:
  - Axudas á modernización dos estaleiros, promovendo así mesmo a diversificación de produtos máis alá das propias embarcacións (tratamento de interiores de calidade, construción de peiraos e paseos marítimos en madeira, casas de madeira...).
  - Contribuír a unha mellor valoración dos produtos e da propia profesión por parte da sociedade, mediante a promoción da imaxe xeral do sector, a presenza en salóns e eventos náuticos, a edición de publicacións, dos sistemas de publicidade das empresas, etc.
  - Xunto con diversos organismos (Inspección de Buques, Universidade...) traballar na confección dun regulamento para a construción de buques en madeira, que contemple as novas técnicas e materiais e, a través dunha inspección máis eficaz, posibilite un efectivo control de calidade das materias primas e dos produtos, dando lugar a unha posible denominación de orixe.
  - Apoio á construción dun prototipo de barco de pesca que, mediante a mestura das novas técnicas de construción e das tradicionais, sexa eficiente nas súas prestacións, mantemento e consumo enerxético.
- Valorizar as cualidades medioambientais, de sustentabilidade e consumo responsable da construción naval en madeira.
- Procurar unha mudanza na política forestal, cara a unha xestión sustentable do monte e a produción de madeiras de calidade a prezos competitivos.



- Fomentar por parte da Administración autonómica a construción de réplicas ou rehabilitación de embarcacións tradicionais ou históricas, mediante un paquete de medidas, tales como:
  - Incremento das pequenas axudas existentes ao día de hoxe, que non cobren nin de lonxe a demanda potencial.
  - Negociar coa Administración do Estado a eliminación das trabas existentes para a navegación dos barcos rehabilitados procedentes da 3ª Lista (pesca).
  - Solucionar os problemas derivados da aplicación da actual normativa de seguridade ás embarcacións de interese patrimonial.
- Procurar unha maior relación entre a construción naval en madeira e os museos do mar existentes ou en proxecto, mediante protocolos de colaboración ou a presenza de obradoiros de carpintería de ribeira nos proxectos museolóxicos. Deste xeito, amais de conservar e poñer en valor a carpintería de ribeira como artesanía, poderíanse acadar os seguintes obxectivos:
  - Restaurar embarcacións ou construír réplicas tanto para as coleccións museísticas como para entidades locais, asociacións ou particulares.
  - Dinamizar a proposta museística, mediante o traballo cara ao público.
  - Realizar cursiños ou stages de formación para as persoas amantes da profesión.

Neste eido, a conservación da carpintería de Purro na Banda do Río de Bueu, vista como complemento das instalacións do Museo Massó, é unha iniciativa que debe ser defendida diante dos organismos competentes, tanto polos colectivos cidadáns como polo Concello e a propia dirección do Museo.

Luis Davila

# Viñetas



Luis Davila

# Viñetas



Jose Manuel Castaño

# Mastros e Velas


Este capítulo divulgativo ten por obxecto iniciar as persoas interesadas no coñecemento da arboradura e o velame dos barcos que sucaron as augas dende o s. XV. Acompáñano debuxos simplificados e esquemas que queren facer máis comprensibles os conceptos tratados.

A **arboradura** é o conxunto de mastros e diferentes perchas (vergas, entenas, picos, botavaras, botalós...) que teñen por misión suspender as velas para orientalas de forma que o vento incida sobre elas da forma máis apropiada posible.

Os **mastros** ou paus colocados na liña lonxitudinal que divide o barco en dúas metades reciben os nomes de bauprés, trinquete, maior e mesana.

O **bauprés** é o pau que parte inclinado dende a proa. Esta inclinación é diferente segundo o tipo de barco. O pau **maior** é sempre o máis alto. Entre el e a proa sitúase o pau **trinquete**. Entre o pau maior e a popa vai o pau **mesana**.


Trinquete, maior e mesana adoitaban ir verticais, pero nalgúns casos teñen unha inclinación ou caída cara popa ou proa, ás veces en función do tipo de pau.



Exemplo de diferentes tipos de mastros


Nunha embarcación de dous paus, ou incluso de tres, non aparecen sempre estes tres paus, como imos ver nos exemplos seguintes.

Nestes gráficos vemos dous barcos de dous paus. Como o pau maior é sempre o máis alto os outros dous reciben o nome en relación a súa posición con respecto a el. Se está a proa do maior será o trinquete e se está a popa será o mesana.




Os mastros diferencian tipos de barcos semellantes.

Na imaxe vemos unha carabela portuguesa do s. XV. Leva tres paus. Un maior e dous mesanas. Cando hai dous paus do mesmo nome farase referencia a súa posición, por exemplo mesana de proa e mesana de popa. Se levase dous maiores diríamos: maior de proa e maior de popa.









Do mesmo xeito que ocorreu cos demais mastros, o **bauprés** formouse con tres partes. A primeira sería propiamente o bauprés e as outras dúas perchas, equivalentes aos mastros menores, son as denominadas **botaló de foque** e **botaló de petifoque**.

## Bauprés





A vela maior de cada mastro recibe o nome do propio mastro. Así temos a vela **maior**, a vela **trinquete** e a vela **mesana**. As que están enriba delas son as **gabias** (gavias en castelán). Pero a gabia do pau trinquete recibe o nome de **velacho**, e a do pau mesana denomínase **sobremesana**, polo que cahamaremos gabia propiamente á do pau maior. Por riba das gabias van as velas nominaadas **xoanetes**. O xoanete do pau mesana denomínase **perico**. As demais son o xoanete de maior e o xoanete de proa. O mariñeiro que tina por misión largar ou aferrar os xoanetes era o xoaneteiro e o que se ocupaba das velas maiores de cada pau ou das gabias era o gabieiro.




Cando dúas embarcacións pasaban moi próximas entre si ou se disparaban "a toca penols".

Nas embarcacións de varios mastsos a vela latina permanece no pau de popa ata o s. XVIII en que foi substituída pola vela cangrexa. Só permanecía dende entón nas embarcacións menores. As vergas ían aseguradas perpendicularmente aos mastsos na súa parte central. Adoitaba estar formada por dúas pezas unidas. O extremo dunha verga denomínase **penol** e a parte central **cruz**.

O extremo do pico ou da botavara que se unen ao pau nunha vela cangrexa reciben a denominación de boca. O extremo contrario denomínase **pena**.




A percha da que colga unha vela recibe diferentes nomes segundo o tipo de vela. Se é cadrada ou redonda chámase **verga**, se é unha vela latina denomínase **antena** ou antena, e se é unha vela cangrexa denomínase **pico**. O pico recibe tamén o nome de cangrexo porque no extremo que mira cara proa ten unha boca semicircular ou de cangrexo pola que se axusta ao pau correndo cara riba ou cara baixo ou xirando arredor pola acción dos diferentes cabos que a manexan. As veces a vela cangrexa cazábase na parte baixa por un pau redondo denominado **botavara**.



As velas de coitelo son as velas triangulares e as trapezoidais. Entre elas están as latinas, as cangrexas e os foques.

Os foques son as velas triangulares que se largan nos estais que van entre o pau trinquete e o bauprés. Pola súa posición reciben os nomes de petifoque, foque e contrafoque. Os estais son os cabos ou cables que impiden que os mastros caian cara popa.




Nas velas redondas, para aproveitar mellor o vento cando este era favorable (ventos longos ou de popa), utilizáronse unhas velas suplementarias que se largaban a un ou a ambos lados das principais. Son as alas e as rastreras.

As alas son as velas engadidas ás gabias e aos xoanetes. Estas veliñas toman o nome da principal á que acompañan. Así hai alas de velacho, de gabia, de sobremesana, de xoanete de proa, de xoanete de maior ou de perico.

As rastreras son as velas engadidas á principal situadas próximas á superficie da auga. Poden levar esta vela o pau maior ou o trinquete.


Con anterioridade á ampliación do velame lateralmente con estas velas suplementarias, cando as condicións do vento o permitían, engadíase á vela pola súa parte inferior unha peza para aumentar a súa superficie. Isto ocorría nas carabelas e nas naos no s. XV e XVI. A este engadido denominábase boneta.

Así pois, cando o vento era frouxo a vela maior dunha destas embarcacións constaba de dúas pezas unidas por uns cabos. A parte principal, de superficie moito maior, denominábase papafigo.




Para facer máis manexables as velas que se facían moi grandes, dividíronse as velas gabias e os xoanetes en dúas, recibindo o nome en función da súa posición. Así temos gabia alta e gabia baixa, no pau maior; velacho alto e velacho baixo, no pau trinquete; sobremesana alta e sobremesana baixa, no pau mesana. Os xoanetes dividíronse en xoanetes e sobrexoanetes ou simplemente xoanetes e sobres. Así temos xoanete de proa e sobre de proa, no pau trinquete; xoanete de maior e sobre de maior no pau do mesmo nome; perico e sobreperico, no pau mesana.

Nos barcos de varios mastros con velas de coitelo (triangulares e trapezoidais), ademais dos foques, as velas que levaban eran as cangrexas e as escandalosas. Estas últimas eran velas triangulares que con ventos frouxos se largaban por enriba das cangrexas como se ve de forma esquemática no gráfico.



O buque escola Juan Sebastián Elcano, con aparello de bergantín goleta, leva velas redondas no pau trinquete e de coitelo nos demais paus, que son o maior de proa, o maior de popa e o mesana. Velaí o nome das velas.




Ves neste gráfico como entre os cabos ou cables que impiden que os mastros caian cara popa (estais) se largaban unhas velas de estai cando os ventos o permitían. Ao igual que os foques, son velas que non levan vergas senón que van suxeitas no propio estai. Entre os foques aparecen neste debuxo dúas velas que non se mencionaron ata agora: o foque voante e a xiba (en castelán trinquetilla).

Para diminuír a superficie das velas, cando o vento aumentaba, dispuxéronse nelas unhas faixas de rizos compostas por filas de trenzas ou pequenos cabos que pasados por uns buratos permitían aferrar unha parte da vela para afrontar a forza do vento. A esta operación denomínase tomar rizos. A operación contraria é a de largar rizos.

As vergas e os picos de cada vela reciben o mesmo nome que a propia vela que colga delas. Pero ás veces a verga de mesana non leva vela, polo que se denomina verga seca.

As vergas do pau trinquete serán: verga de trinquete, verga de velacho baixo, verga de velacho alto, verga de xoanete de proa, verga de sobre de proa. As do pau maior: verga de maior, verga de gabia baixa, verga de gabia alta, verga de xoanete de maior, verga de sobre de maior. As do pau mesana: verga seca, verga de sobremesana baixa, verga de sobremesana alta, verga de perico, verga de sobreperico.

As distintas partes dos mastros (paus machos, masteiros e masteiriños) reciben os nomes en relación co propio mastro, a súa posición ou o nome da vela. Velaí as súas diferentes denominacións.



Neste capítulo fixémos un sinxelo percorrido polos mastros e velas das embarcacións de varios paus ao longo dos séculos de navegación a vela. Os mastros xunto coas velas e a enxarcia constitúen o aparello dun barco. Á enxarcia, ou conxunto de cabos e cables, dedicarase outro apartado divulgativo, como este que aquí remata.



Xaime Toxo

# En Porto Marte, Agardando a que Regrese a Area

*Viviamos de recoller ardentías.*

*Núas.*

*Camiñando pola praia,  
habitando o esquezo.*

**Berta Aldan.**

Se me deran a escoller un porto ao que navegar eu elixiría o Porto Marte dos relatos de Isaac Asimov. O libro de Asimov tiña Manolo ciscado pola súa casa, un terceiro andar con patio de galería con vistas a enseada, forrado cunha folla do xornal, seguramente a Folla do Luns, no que eu lía como as naves que despegaban do planeta Terra cara a Marte atravesaban o ceo de Bueu naquelas noites do comezo do primeiro verán da década dos 70. Diante da casa de Manolo estaba o recheo no que descargaban as pedras para facer o peirao novo; o que lle estaba nacente por babor a aquela histórica proa fendida no mar que era o peirao vello de Massó.

O peirao vello de Masso tiña o único anaco de camiño de ferro que a vila de Bueu había de mirar na súa vida. Un treito que ía dende o interior da fábrica, saía ao exterior, cruzaba a rúa e detiñase na fin do peirao, ao pé do guindastre. As vagonetas cheas de peixe arrastradas polas traballadoras da fábrica por riba daqueles rieles fixeron tanto pola modernidade da nosa mirada como os azulexos en relevo que decoraban a fachada da fábrica; neles aparecían un choco, unha solla, un polbo, unha medusa, unha guebota, que espreitaba, detida no aire, a que fervece o xarabal na superficie dun mar que nos imantaba. A superficie do mar era para nós moito máis cá fronteira do misterio. A miña peza preferida era un azulexo azul cobalto que representaba a cabeza dun mariñeiro; aquela cabeza mítica do mariñeiro que fumaba nunha pipa enmeigallábame, porque coidaba que nos emparentaba con todos os mariñeiros dos portos atlánticos, e a través deles e das súas sagas, co mesmo John Silver O Longo, o pirata coxo que patroneaba a Hispaniola na Illa do Tesouro. Naqueles anos gustábame pensar que respirabamos o mesmo neboeiro que os langrán do fisterre bretón, do Lands End británico, ou do Cabo Norte. Todos somos habitantes de pobos atlánticos durísimos, enfrentados a un mar que non nos dá tregua, e tan demorados e lentos que os reloxos deben frear a velocidade das agullas para acadar o tempo real no que pasan as cousas.

A man de Lugris, que sen dúbida debuxara os motivos que aparecían estampados naqueles azulexos, recorría a fachada da fábrica como recorrera os debuxos do deseño da capela dos Santos Reis, no Valado. Aqueles azulexos, hoxe irremisiblemente perdidos, fican na memoria emocional dos que camiñabamos acompañados polo cambrado da terra, a bategada do mar e o sorriso satisfeito do artista ao imaxinar que algún día un neno habíase de parar diante dos debuxos a soñar, como pintara el nos seus cadros, mares doutros mundos.

“ Todos somos habitantes de pobos atlánticos durísimos, enfrentados a un mar que non nos dá tregua.

Sen embargo, o mural cerámico máis fermoso de Bueu non estaba nese treito inesquecible, o primeiro corazón urbano do Bueu industrial, que ía dende a esquina da casa de Amalia Domínguez, hoxe espazo cultural, ata a casa en chaflán de Antonio Massó, na esquina onde comezaba o ramal coa de Pitorro, unha casa enfrente da outra. O garaxe de Manolo Pitorro, era nesa época un lugar enorme e misterioso no que, como na novela de García Márquez, se fabricaba o xeo. Senón que estaba en Pescadoira. O barrio de Pescadoira, perdido nun silencio de lugar varado e no seu propio anonimato, era, sen dúbida, o recuncho máis enerxicamente mariñeiro e ancestral do Bueu vilego. A xeografía de Pescadoira, pola banda da praia, tiña uns límites difusos, unha zona de nadie, que podía encertar no Ramal de Soliño ou na veraniega mansión de Silveiras; o seu final, sen embargo, era rotundo e definido. Remataba no Ramal da Costa, na tenda de Celar, talvez a única tenda do Morrado nordestino onde era posible mercar un aleph; a partir de aí comezaban Petis, as Means, as leiras das abas dos montes de Cela; outro Bueu, xa máis campesiño ca mariñeiro; e a seguir, as que daquela eran para nós as terras do fin do mundo, as solitarias praias do lonxe: Loureiro, Agrelo, Portomaioir.



Eu, aínda que entrei moitas veces na fábrica de Attilio, en Pescadoira, só gardo memoria de albiscar dúas veces aquel panel cerámico. A primeira, sendo un rillote que pasaba o tempo xogando ao fútbol nos recreos da escola vella da Capela de Pescadoira. Hai tempo tamén tristemente derrubada. Caneabamos no recheo que había diante da conserveira e perdeuse nos o balón polo portalón da fábrica. Cando o fomos recuperar acercouse nos, coa pelota na man, a figura enigmática e xeroglífica daquel home atemporal que era o dono da conserveira. Por riba da fonética imposible coa que se comunicaba, e coa que nos ameazou con perder a pelota se a volvíamos tirar dentro da fábrica, enxerguei o mural. Chantado na parede, na encimeira do dintel no que remataba o portalón, estaba orientado cara o interior da nave de traballo, na que xiraba a cinta sen fin que recorría como un tren eléctrico o espazo ventral da fábrica, arrastrando como vagóns ringleiras de latas debuxadas cunha loba amamantando a dous nenos. Aquela loba era a Raiña Lupa. A sombra do imperio nas ribeiras do cabo do mundo. Das tres conserveiras que había na vila a de Attilio era a única na que aparecía o nome de Bueu nas latas.

O mural, grande, de dous por dous metros, representaba unha esceca de mulleres, pescantinas de touca e pano na cabeza, que falaban de pé entre elas e agardaban a carón dunhas patelas cheas de peixe. Na parte de embaixo tiña escrita como lenda: “Peixeiras no peirao”.

Na Pescadoira daqueles anos, agás o propio Attilio, a miña nai e algunha das miñas irmáns, todos os veciños falaban galego, pero a palabra “peirao”, que nunca escoitara, era a primeira vez que a lía na miña vida, e quedeime pensando qué querería decir. Porque para todos nós a palabra de uso común era “muelle”. E había o muelle de Massó, o muelle de Attilio e o muelle de pedra, é de supoñer que a este último chamabámolo así porque os outros dous eran de madeira ou dunha mestura de pedra e trabes de eucalipto. O único que era só de pedra remataba nun semicírculo de cantería a xeito de varanda na que sentabamos a empezar a fumar e a mirar chegar os barcos. Agradeciamos as nortadas porque arrastraban lonxe o cheiro das mexadas e do peixe podre que pairaban naquel lugar. Aquela punta do muelle foi para unha xeración, no que durou unha parte de medrar, un panterlo de segredos.


Moitos anos despois, xa desaparecida a varanda e recheada a punta do muelle cunha rampla, meu pai había de botar horas e horas nese sitio apañando luras.

Pero iso sucedeu moito despois de que eu lese o libro de Asimov, case seguro que na edición de Minotauro, na casa de Manolo; e isto, a súa vez, aconteceu moito despois de que fixeran o “muelle novo”.

O peirao novo, o que había de cambiar definitivamente a fasquía da vila, da praia enteira da enseada de Bueu, e a unha parte dela, a de Pescadoira, convertela nun ermo de Marte, en Porto Marte. O meu porto máis amado.

Vivín dous acontecementos, sen ningunha relación, que teñen que ver co inicio da construción do peirao novo. O seu vencello nace dunha viaxe no coche de liña da Unión, o que facía a ruta de Pontevedra a Cangas. Regresaba eu unha vez máis de Marín, onde estudaba interno, para pasar a fin de semana na casa de Pescadoira, cando na parada dos Caños de Moledo embarcou un home que, máis que aquel bus, parecía que estaba a piques de coller o 56 da Eagle Star, o que fai o recorrido de Austin a Santa Fé. Levaba sombreiro texano, americana a cadros, camisa e pantalón vaqueiros e un cinto que remataba nunha fibela que representaba a cabeza dunha vaca. Pagou o billete,

botou o “good morning” máis seseante que se podía oír na costa atlántica galega e ficou de pé no corredor, entre os asentos. De contado, fixo que marcaba os números nun imaxinario teléfono e comezou a falar en inglés berrándolle ao puño que tiña diante da boca. Houbo un intre no que interrompeu a conversa, separou a man da boca e pideulle enfadado a uns barulleiros que calaran, que era unha chamada de longa distancia. Cando rematou, colgou o puño no oco da outra man e tradúxonos a chamada aos que viaxabamos no bus, que naquel intre estaba baixando a costa de Xoalde. Literalmente explicounos: “Estaba falando co cimiterio de Arlington, dándolle o meu pésame a Jaqueline pola morte dos seu home”. Logo camiñou cara o fondo a sentarse nun dos lugares baleiros. Ao pasar onda min, tireille pola boca manga da chaqueta e pregunteille quen morrera, zafándose do tirón contestoume que J.F. Kennedy. Díxome así, J.F., como se o coñecese de toda a vida.



Ao entrar en Bueu, Amable, o revisor da Unión, preguntoume se ficaba na parada de Petís ou no centro. Contesteille que no centro, que ía a casa da miña aboa, a Mamina. O bus da Unión entraba en Bueu polo Ramal de Pescadoira, recorría Montero Ríos por diante da de Alonso, onde sempre estaba José conducindo no chimpín co remolque da maga do peixe, no que nos deixaba subir a enredar; da tenda da Sra. Dolores, con Chiño, o fillo do Patrón, tomando un bocadillo de alcríque; pola da Señorita Rosario, que camiñaba unha soedade orballada de séculos cara a misa acompañada dunha sombra humana; continuaba por diante da de de Attilio e Paco Cabanillas, co meu curmán Victor, ollando un mar distinto cada día; o taller de FENOSA; a casa de Nores, na que había de pasar María un verán; a mansión veraniega de Silveiras; a de Soliño e Campañó, con Manu e Santi saúdando ao bus, que pasaba cun futuro de amizade eterna por nacer dentro; pola de Susi e Mela, daquela aínda un oco baleiro que se había de encher de paisaxes e palabras, nunha conversa en travesía interminable; a de Paco, o irmán de Salva, polos días que habían de vir e que andaba con nós na escola; ata chegar o bus a boca do Ramal do cine Avenida, por onde subía, cruzaba Eduardo Vincentti e paraba a carón da casa dos Lises.

Eu, como había camións descargando pedras no terreiro diante do taller de Arias que bloqueaban o tráfico, avisei a Amable para me baixar alí mesmo. Busquei ao vaqueiro de Seixo coa mirada para facerlle un aceno de despedida, pero estaba entretido falando coa xente que había sentada as súas beiras.

Botei a andar cruzando a praza e mais a lonxa e entrei na tenda de Cabanillas, a casa dos meus abós. Cando a miña aboa me mirou avisoume: “Viches, están descargando a pedra para empezar a construción do muelle novo”. Eu respondinlle preguntándolle se sabía que mataran ao presidente dos EE.UU. “Onde oiches iso?”, retrucoume. Explíqueille que o contara John Balan no autobús, que falara por teléfono coa viúva. Botouse a rir e fíxome remuíños no pelo coa man.

O comezo da obras do peirao novo e o asesinato de Kennedy, sen embargo, ficaron na miña memoria asociados a aqueles viaxes de Marín a Bueu que duraron o tempo enteiro que tardei en facer o bachelerato. E a John Balan aquel verán salveille a vida na festas do Carmen de Bueu. El cantaba nunha orquestra que levaba o seu nome e a continuación “y los Yankees”. Nos descansos, mentras os músicos marchaban tomar unha parva, John ficaba no cenario escenificando unha das súas películas de vaqueiros. A daquela noite titulabase La muerte es inoxidable. Nunha escea el, que respresentaba todos os papeis, enfrentábase a un grupo de pistoleiros nun saloom. Eu, ao pé do palco, aviseino: “¡Cuidado, John, detrás de ti!”. Virouse, desenfundou unha imaxinaria pistola, e fixo un perfecto e marabilloso efecto sonoro coa boca imitando o ruído da pistola ao disparar. Logo, gardou o arma na cartucheira, peliscou con dous dedos a á do sombreiro, olloume e espetou: “Thanks, friend, salváchesme a vida”.

“ O barrio de Pescadoira, perdido nun silencio de lugar varado e no seu propio anonimato, era, sen dúbida, o recuncho máis enerxicamente mariñeiro e ancestral do Bueu vilego

A segunda vez que puideren ver o panel cerámico de fábrica pasaran moitos anos e moitas cousas. A vida fixérase breve, urxente e adulta. Cando non o é? Talvez naquela infancia que deixáramos atrás. Ningunha das tres conserveiras do Bueu urbano permanecía aberta. Na de Attilio, detida no tempo, como se acabaran de apagar as máquinas e pechar a porta, comezaba a desidia, o abandono e a pillaxe a amosar as ruínas do fin dunha historia, da nosa historia.

Un serán dun domingo de inverno que paseabamos entre o penedo e os peiraos albiscamos o portalón da fábrica forzado. Comezaran a roubar o mobiliario. Entramos. Non debía haber moito tempo que morrera o vello Attilio, pero o interior de nave era xa unha paisaxe de batalla. Milleiros de latas baleiras aboiaban enriba do aceite da maquinaria que enlodaba o chan, había fogueiras apagadas de cartóns e papeis queimados, as xanelas todas estaban escachadas, chovía dentro. Unha sensación de tumba enorme saqueada fíxo de nós arqueólogos mudos, pero de ollos moi abertos, do derrubo. Lembreime da figura traxeada do italiano, das mulleres padexando croque, de nós mesmos apañanando naqueles montes de croquiños brancos, dos balóns perdidos no interior escuro do portalón, do pai de Josesito, veciño noso, e mais de Tomas traballando nas oficinas. Ollamos o mural chantado na parede, xa con algún azulexo estralado por mor de algunha pedrada. As mulleres vidradas do mural semellaban na súa indiferencia o único rastro humano no medio daquel desastre. Os días a seguir puxémonos en contacto co que daquela era dono da fábrica. Sabiamos que tiñamos pouco tempo para salvar o mural. Os barbaros son moi eficaces na desfeita. Case o conseguimos. O día que chamou o meu pai por teléfono para decirme que a fábrica ardera enteira, pensei que non debimos agardar a ter autorización para entrar a picar a parede e salvar os azulexos.



Ao domingo seguinte, sentados nese meteorito telúrico que é o penedo de Pescadoira, esperando a chamada da nosa nai para ir comer, mirabamos o fume que aínda voaba dos entullos da fábrica cara as nubes e líamos no xornal que se aprobara a ampliación do peirao novo de Bueu, a obra que había de converter a praia de Pescadoira nunha penedía sen area e sen retorno, en Porto Marte.



Anxo Cabada

# A Fotografía de Anxo Cabada

Anxo Cabada. Nado en Sabucedo (A Estrada), Pontevedra...

“**Materia de sombras**” [Libro de autor. Edit. Diputación de Pontevedra.]

“**Maregrafías**” [Fotografías e textos sobre o mar. Galería Sargadelos. Barcelona.]

“**Sadarim. Retratos do tempo**” [Galería Modigliani Vigo.]

“**A imaxe e a palabra tamén din nunca máis**” [Galería Sargadelos. Pontevedra.]

“**As viaxes**” [Exposición individual. Pazo da Cultura de Pontevedra.]

“**Retratos do mar. Percebeiros**” [Exposición individual. Sala de exposicións Amalia Domínguez Búa. Bueu.]

“**Os camiños revelados**” [Exposición colectiva sobre os camiños de Santiago, itinerante por Galicia.]

“**Ardentía**” [Dous fotografías ante o mar. Outono fotográfico. Ourense.]

“**Os viaxeiros da luz**” [Serie realizada para a TVG.]

“**O mar da memoria**” [Traballo de recuperación fotográfica sobre o mar de Galicia. Edit. Consellería de Pesca.]

“**Breña**” [Exposición individual na sala do BBV. Vigo.]

“**El viaje del Vierzo**” [Publicación do libro de viaxes. Edit. Ibisa.]

“**Fotobienal**” [Banco de España. Vigo.]

“**Jóvenes fotógrafos españoles**” [Exposición colectiva, Sala Amadís do Ministerio de Cultura. Madrid.]

“**Branco e Negro**” [Exposición colectiva, presencias fotográficas en Galicia, no Museo de Pontevedra.]



“**Cinco fotógrafos galegos**” [Sala dos Peiraos. Vigo.]

“**Fotógrafos e escritores ante o cine**” [Xornadas de cine. Carballiño.]

“**Fotovedra**” [Exposición colectiva de fotógrafos pontevedreses. Museo de Pontevedra.]

“**Foco 85**” [Exposición colectiva de fotógrafos galegos no Círculo de Bellas Artes] Madrid.]

“**Ollares no tempo**” [Colectiva de fotógrafos galegos. Kiosko Alfonso. A Coruña.]



SalvaRodríguez

# Sucedeu en Cabo Udra

Agatha Christie non deixou ningún testemuño escrito da estada de Hércules Poirot en Galicia. Os feitos que hoxe referimos demostran, sen embargo, que o detective belga pescudou aparicións da Santa Compañía en Udra.

¿Un caso menor? Non debería atribuírse a esta razón - aínda que algúns incautos inxustificadamente así o apunten- o silencio da escritora verbo dos misteriosos sucesos que tiveron lugar en xullo de 1938 no Cabo de Udra, Beluso. Acertan, en cambio, os biógrafos que enxergaron en Christie unha personalidade temerosa das forzas ocultas do Máis Aló, malia súa afección a tratar asuntos detectivescos cun ou varios crimes polo medio.

Hércules Poirot desembarcou no porto de Vigo o 24 de xullo de 1938, en plena guerra civil española. Non viña requerido estritamente por asuntos políticos, senón en resposta os desexos dun seu compatriota, colaborador dos republicanos, que tiña coñecemento de aparicións da Santa Compañía en Udra, preto de onde as forzas fascistas agachaban unha batería de canóns cos que rexeitaban calquer ataque marítimo.

- Quero que saiba. Monsieur Poirot-, díxolle Jacques Bertrand, que así se chamaba o amigo- que se lle pedín que viñera non foi soamente polo serio problema que temos para desmantelar a batería de Udra, senón porque todo canto me contan dese lugar chéirame a misterio, a cousas do Outro Mundo, vaia.

O “serio problema” de que falaba Bertrand era o seguinte: a batería de Udra estaba considerada un punto estratégico de cara a procurar unha ofensiva por mar dunha brigada soviética que, despois de facerse con Morrazo, tiña encomendada a misión de tomar as cidades de Pontevedra, Marín e Vigo, e servir de enlace co Batallón Asturiano “Don Pelayo”. A operación denominada ONEDAR (“O Norte é da República”) era básica, xa que logo, nos astutos plans do xeneral Lister, pronunciado Lister.

En realidade, non é que fora dificultosa a toma de Udra por terra; a batería soamente era defendida polos restos dun destacamento franquista constituído por unha dúcia de soldados, escasamente equipados. Ocorría que os repetidos intentos dos republicanos tropezaran cun atranco insospitado, a Santa Compañía.

- Eu son ateo e a maioría dos nosos homes tamén-, refería Bertrand -pero non hai quen lles quite da cabeza que por Udra anda a Santa Compañía. Atacar de día sería

un suicidio, por iso eliximos a noite pero, imeu Deus!, resulta que a procesión das ánimas dos mortos sae sempre ao solpor.

- ¿E viuse a procesión esa dos difuntos algunha vez?, - preguntou Poirot.

- ¡Esas cousas non se ven, monsieur! Pode ser demasiado tarde. Xa me decatado de que non está vostede moi ben informado. Se alguén se topa coa Santa Compañía ten que debuxar un círculo no chan e meterse dentro. Mais debe facelo axiña, senón, lévanno con eles, non sen antes, para espantar aínda máis, destapar o ataúde onde a vítima distingue horrorizada a face dun cadáver cos seus mesmos trazos físicos cuspidos.

- ¿E logo como saben que é a Santa Compañía?- inqueriu interesado o detective.


- Polo ruído. Soan unhas campañas e escóitanse pasos, arfar de animais, bisbar de cristiáns...ata hai quen di que albiscou a luz das candeas mortuorias.

Púxose Poirot inmediatamente (ou antes) en marcha. Subiu ó “Illas Ficas” de Vapores de Pasaxe e, deseguido, ao Cerqueiro correspondente que o trasladou pola costa -é decir, atravesando Vilaríño, Aldán e Bon- de Cangas a Beluso, a onde arribou á tardiña. A pé achegouse ata Udra e, cando xa se dispuña a baixar a praia de Mourisca, afeccionado como era a cabalgar, non puido evitar dirixirse ao picadeiro do lugar para facer un pouco de exercicio. En chegando ó mesmo, escoitou o son das campañas. Pertencían as bestas que o dono do establecemento equino deixaba a pastar polos arredores.

- ¡ Vaites, vaites!- pensou para si -. ¡Así que iso era a Santa Compañía!

Nin siquera volveu a visitar a casa de Bertrand. Embarcou dous días despois rumbo a Bretaña, cheo de razón por dar por solucionado o “serio problema”.

Quen si visitou Galicia meses máis tarde, rematada a guerra civil, foi Agatha Christie: “Isto de Poirot non o contarei -disque dixo- pero eu, por se acaso, e xa que estou aquí, vou cumprir co Santo Andrés de Teixido”. Christie xa sabía daquela que a batería de Udra endexamais fora conquistada polos republicanos, e que a dúcia de soldados fascistas que a custodiaban desaparecera da face da terra. Aínda hoxe se di que as súas ánimas desgraciadas pasean por alí tódalas noites de lúa chea.



LaWandadoRio

# Contos da Tilla

## Contos de Mar e Peixes

### O CON DE OURO *(Versión Abreviada)*

*Para Ana e para todos os meniños que non tiveron cabo deles ao seu pai para contarlles contos de mar e peixes.*

*A Mencía e Nerea, na distancia, na saudade, os dous movementos do meu corazón.*

Disto xa pasaron anos, moitísimos anos. Daquela o mar estaba cheo de barcos de madeira que navegaban a vela e a remos, e na ría fervía tanto peixe que case se podía coller coa man. Naqueles tempos aínda se vían as londras mergullar para apanar croques, os arroaces cercar as bandadas de sardiñas e os polbos xurdír a mariscar polas pedras ao asexo das nécoras.

Un daqueles polbos que vos conto chegou a ter unha habilidade tan extraordinaria para moverse polas pedras da marea que andaba entre elas coa mesma facilidade que polo fondo do mar, deixándose escorregar lixeiro coma centella mentres tentaba cos raxos cada fenda, cada focha, na procura da súa presa. Chegou un tempo que lle picou tanto a curiosidade que quixo saber máis, quería ver máis terra, e unha noite aproveitou que a devalada da maré viva coincidía coa lúa chea para gabear por enriba das pedras, máis alá do límite onde medra o arneirón, e miralo todo dende o alto. Colleu gusto a subir ao Con Redondo e goitear as liñas da costa; a praia de area fariñenta, os barcos atracados no peirao, as luciñas das casas acaguladas na valgada do monte..., e a deixarse levar polo feitizo da lúa reflectida na tona do mar. Quedaba alí enriba todo o tempo que lle deixaban os seus folgos e, cando se daba conta que xa lle custaba moito traballo respirar e que a pel se lle empezaba a quedar tesa como un rañorte, ía como un lustre de volta para o fondo do mar agardando a seguinte lúa chea para gabear de volta enriba do con.

Despois de moito tempo, o polbo chegou a saber tanto da terra coma do mar, ningún deles tiña segredos para el de tan afeito que estaba a pasar dun a outro. Tan solto e confiado se sentía en terra que, cando unha noite un bote largou a poutada ao par do con, non se deu nin conta do perigo e, cando quixo reaccionar, xa tiña enriba un mariñeiro disposto a envicheiralo.

- Amigo, ¿que fas? Non me collas, déixame ir. Pídocho polos teus fillos.

O mariñeiro quedou tan sorprendido que, mentres enganchara o polbo por un raxo, deu un virapé que o fixo caer de cu polo con abaixo.

- Déixame ir e heiche dar todo canto teño.

- ¿Todo canto tes? ¡E que terás ti que me poida interesar!

- Seiche de moitas cousas. Pídoche contar todo canto queiras saber.

- ¿Contarme a min? Contos. Os contos son para os vellos, non dan que comer e ti aínda me podes dar unha boa caldeirada con patacas novas.

E mentres falaba, o mariñeiro xa tiña a man preparada para darlle a reviravolta á capeleira do polbo, que suplicaba enroscándolle os raxos arredor do brazo.

- ¿Pero, home, non te cegues! Escoita, no meu laño teño unhas moedas de ouro que atopei hai moito tempo no Chilreu. Déixame ir e heiche dar unha moeda cada noite de lúa chea cando a maré estea devalada. ¡Unha moeda de ouro cada vinte e oito días, iso é moito máis que un xornal! En ningures gañas tantos cartos por non facer nada. Faime caso, amigo mariñeiro, sóltame e non te has de arrepentir.

- Se é así como dis, é unha viña vendimada. ¿Pero, como sei eu que vas vir cada lúa chea a dar-me a miña moeda de ouro? ¿Quen me dí que te solto e non te volto mirar máis?

- Non te preocupes. Levo vindo cada lúa chea a este con dende hai moito tempo. Aquí aprendo moitas cousas que non se saben no fondo do mar; uns días sinto asubiar o vento, outros miro como entra o neboeiro pola boca da ría e algunhas veces déixome quedar baixo a poalleira para sentir auga doce escorregar por min. Son tan feliz que non podo deixar de vir cada lúa chea.

Tanto turrou nel que o mariñeiro quedou convencido do bo trato que lle ofrecía o polbo e, mentres afrouxaba a man para que se lle escoara por entre os dedos de volta para o mar, díxolle:

- Está ben, polbo, trato feito. Pero non te me esquezas, unha moeda de ouro cada lúa chea.

- Non esquezo, non. Agora téñome que ir porque me sinto algo abafado de estar tanto tempo fóra do mar pero, perde coidado, lembrarei moi ben o meu compromiso.

Tal foi así que o polbo xurdiu á seguinte lúa polo con arriba para darlle ao mariñeiro unha moeda de ouro que levaba pegada na ventosa máis grande do raxo máis gordo.

- Veleí tes, amigo.

- ¡Diola! Éche ben certo que é de ouro.

- Xa ves, sonche de palabra. Agora ben, pídoche que non lle contes a ninguén do noso trato. Ten que ser o noso segredo.

- ¡Non teñas medo, ho! Pola conta que me ten vou estar máis calado ca este con.

De alí en diante, cada lúa chea os dous acudiron puntuais aos seus encontros no Con Redondo, primeiro só para intercambiar a moeda pero despois, pouco a pouco, deron en quedar a falar en longas conversas que incluso chegaban ata raiar o sol, cando xa o polbo estaba ao límite da súa resistencia e a maré repicaba no máis alto.

- Xa me vou ter que ir.

- ¿E logo, que présa tes?

- Xa non sinto os raxos.

- /.../

Chegou un tempo en que para o mariñeiro tiña máis valor a sabedoría do polbo que a mesma moeda de ouro que lle daba. Con el aprendeu máis cousas que durante todos os seus anos de escola e agardaba aqueles encontros coa mesma ilusión de quen visita ao seu mellor amigo. Xuntos compartiron momentos inesquecibles: escoitaron alá lonxe os nenos cantar os Reis, os mozos tocar as cornetadas; viron alumear os foleóns de San Xoán e como as centellas atravesaban o ceo de agosto mentres revillaba a ardentía no mar. Pero unha desas noites, nun intre de silencio compartido que só teñen os amigos de lei, o mariñeiro espetoulle ao polbo:

- ¿Oes, compañeiro? Téñoche unha lideira que me leva os miolos e non me deixa nin comer nin durmir.

- ¿E logo que foi, amigo?

- A alarveada da miña muller, ichispa negra que a fixo!, ventou que tiña unha peta agachada na bodega e andou a asexar tras miña ata que deu con ela un día que fun gardar unha das túas moedas nun furado que teño entre as pedras detrás dos bocois. ¡Demo me leve, compañeiro!

Tanto escornou contra min que me atullei e dei en confesarlle o noso segredo.

- ¡Estámosche ben! Unha muller gardando un segredo... é como poñerme a min a ter conta dunha nécora. ¿E que lle contaches?

- Son un fala en banda. ¡Aboqueillo todo!

- Pero home, ¿todo?

- ¿Que queres? Ao mirarme descuberto, non dei pé con bóla e cantei coma un paxariño. Pero o peor non é iso, non. O peor é que me colleu por banda e díxome “que lapán es. ¿Non vés que se o polbo che dá unha moeda é porque que el ha ter un tesouro enteiro agachado? O que tes que facer é deixarte de pintar o parvo enriba do con e pescudar onde ten o laño, e de alí... ¡ouro á peta e polbo á pota! ¿Entendiches, papaxobubas? Pois non se fale máis, voga para alá e non me veñas de volta sen o ouro nin a caldeirada”. E cando a miña muller aproa, compañeiro, hai que terlle medo.

¡Éche boa! ¡Isto é unha desfeita!

Os dous volveron quedar calados, moi sentidos e cismando de que xeito habían facer para zafar o problema. O mariñeiro tiña certo que lle quería máis ao polbo que ao seu compadre e que pola cobiza da súa muller non ía deixar estragar unha amizade tan fonda. Mentres, o polbo pensaba que ferver en anaquiños mergullado dentro dunha pota non era o mellor final para unha vida tan chea de experiencias; ¡quedábanlle aínda tantas cousas por aprender... e tantas outras por contar! Nesas cavilacións andaban cando o mariñeiro sentiu como un raxo do polbo lle subía amodiño polo lombo arriba e se lle pousaba no ombreiro rodeándolle a caluga.



- Amigo polbo, prefiro que me afogues con ese raxo e me tires ao mar antes que facerche mal.

- ¡Non digas paxaradas! Somos amigos e os bos amigos bótanse os raxos polo lombo para pensaren mellor xuntos. Pero, mira, estasme a dar unha idea.

E o polbo empezou a debullar un plano para facer crer á muller do mariñeiro que os dous tiveran unha gran pelexa, unha loita violentísima polo tesouro na que o mariñeiro estivera a piques de morrer esmagado pola forza dos raxos do polbo.

- Cando chegues á casa, tes que contarlle que cada un dos meus raxos é tan gordo como, e aínda moito máis forte, que o brazo dun home, e que macei en ti contra a pedra como se foras un polbo.

- ¿E como explico que fun quen de zafarme?

- Dille que mentres loitabas, no medio de tantos raxos, me viches os ollos e me trabaches nun deles buscando escachar a miña noz, e que nese momento collín medo, arrieche e fun de volta ao mar.

- ¿E ti pensas que é cousa de crer?

- ¡Claro que si, home! ¡Non ha ser de crer! Agora ben, despois disto saberás que, descuberto o segredo, xa se acabaron as nosas conversas no con.

- Si, xa tentamos moito ao demo; máis será correr riscos. Vai ser o único xeito de que ti sigas vivo e eu non teña problemas. Pero, compañeiro, antes de despedirmonos tesme que botar un cabo para facer o derradeiro choio; aínda temos por diante toda a noite.

Pola mañá cedo, cando o mariñeiro chegou de volta á casa todo escangallado, coa roupa rachada e o corpo esfolado polas marcas de ringleiras de ventosas de todo os tamaños, contoulle á súa muller que durante unha dura loita contra o polbo se mirou ás portas da mesma morte ata que deu en deixalo chosco trabándolle nun ollo. Nese momento, tras recuperar os folgos, quixo aproveitar que o polbo estaba a retorcerse de dor para rematalo pero deuse conta de que se estaba a quedar pegado no con converténdose ós poucos en pedra; primeiro un raxo, logo outro e así todos ata chegar á capeleira. E alí quedou, encoirado e fundido na pedra no medio do arneirón. A muller contoullelo a outras e estas aos seus homes, e, canto máis bulía, máis se agrandaba o conto, sendo tanta a esaxeración que o polbo chegou a ter raxos máis grandes ca remos, ventosas asasinas con dentes chuchóns e ollos saltóns coma bugallos.

“Velaí o con que non mente” dicíanlles aos que non crían na historia. E todos quixeron achegarse a mirar o con; alí estaba, gravada en relevo na pedra, a figura toda esparramada do polbo cuns raxos revirados coma crobes e outros tan estirados que parecían querer escorregar ao mar. Pero o que máis chamou a atención era o dramatismo daqueles ollos saíndo das cuncas dunha capeleira tan grande como unha botefa: o virollo seica estaba medio esmagado pero o outro; o bo, disque parecía ter unha

mirada de retesía arrepiante. Estando alí diante, a calquera se lle engruñaba o corpo imaxinando a violenta loita do mariñeiro contra aquel monstro que quedou amarrado á pedra por defender o seu tesouro.

De alí a pouco correu a sona das propiedades curativas do con e foron moitos os que aseguraron que os raxos do polbo lles aquelaran algún mal. Houbo incluso máis de un que ata lles deu aos raxos cadanseu valor curativo; un para as hernias de esforzo, outro para a reuma, outro para levantar a paletilla,... Co paso do tempo fincou a lenda do polbo menciñeiro do con de ouro e en agosto, cando a devalada da maré viva coincidía coa lúa chea, chegaba xente de moi lonxe para facer unha romaría a flote na abra onde emerxía o con.

Así se cumpriu o que o mariñeiro lle prometera ao polbo aquela derradeira noite de traballo do con, mentres picaban na pedra:


- Voute lembrar toda a vida, pero despois de min ninguén te ha de esquecer porque, compañeiro, ti es o tesouro. Ti es un amigo.

E se non me credes este conto, “velaí o con que non mente”.



# Embarcacións Tradicionais Galegas

## Guía das



## embarcacións tradicionais galegas

Jesús Blanco

Jesús Blanco García naceu en Vilanova de Arousa, e profesor de Física na Escola de Enxeñería Técnica Industrial da Universidade de Vigo. Membro da Asociación de Embarcacións Tradicionais Rabandeira daquela vila, participa habitualmente en regatas de dornas organizadas na zona. Participou na restauración do galeón arousán *Nuevo Sofía* realizada por esta asociación e a Mascato de Cambados. Adoita acudir, coma tripulante desta embarcación e da dorna xeiteira *Rabandeira*, a reunións de embarcacións tradicionais e de vela celebradas tanto nas Rías Baixas como na Costa da Morte.



O Propósito desta *Guía das embarcacións tradicionais galegas* é contribuir a achegar a cultura marítima galega tradicional ao público non especializado. O seu contido céntrase nas embarcacións, expoñendo cunha linguaxe sinxela e comprensible os rasgos característicos de cada unha delas. Tratamos de resaltar os elementos identificadores que permitan ao lector recoñecelas e apreciar os seus detalles constructivos, así como as particularidades do seu aparello e da súa manobra. Para cada embarcación amósase a súa relación con outros tipos de embarcacións e as principais funcións que realizaba. Do mesmo xeito, expónse a súa orixe e desenvolvemento históricos, na medida en que sexan coñecidos. Así mesmo, describimos tamén as diferentes variantes que moitas embarcacións presentan, según as diferentes actividades ás que eran destinadas ou a zona na que eran empregadas.

Dado que vai dirixida a un público non especializado, introdúcese información sobre temas xerais da náutica que resultan básicos á hora de falar de navegación e, especialmente, de navegación a vela. Todo isto orientase a facilitarlle ao lector a comprensión dunha serie de embarcacións cuxo aspecto e manexo son moi distintos dos que presentan as actuais.

# Unha Noite ó Xeito

Non sei con que estaba soñando, pero cando soou o espertador sentoume como unha patada nas costas. ¿pero que carallo de hora é? as catro e media da mañá ivállame deus!, estas non son horas, ata as gaivotas estarán a durmir. De seguido lembreime que tiña unha actividade moi especial cos “Galos”, quedara para ir de pesca, íamos largar o aparello do xeito.

A iso das cinco saín pola porta e fun camiñando cara ós pantaláns. Facía unha fermosa noite de agosto e polo paseo de Pescadoira cheiraba a mar, había algunhas nubes pero podíanse ver grandes claros onde escintilaban as estrelas do verán. Como me gusta vivir en Bueu -pensei-. Cando cheguei ós barcos, un dos tripulantes, Fernando,

xa agardaba con cara de sono ao carón da traíña. De seguido chegaron os outros tripulantes; Fidel, o seu pai (Samuel) e o seu primo (Manolo), e tamén o patrón da outra embarcación (Toniño, que por desgraza deixounos o ano pasado). En total eramos seis, pero cando estábamos a punto de marchar chegaron Curra e Carmela correndo polo peirao e chimpáronse na traíña xusto antes de zarpar. Partimos cos dous barcos grandes da asociación: a traíña e o bote xeiteiro, os máis adecuados para esta arte de pesca tal e como indica o seu nome. Eramos catro tripulantes por barco, a min tocoume no bote xeiteiro con Fidel, o seu pai e o seu primo, sen dúbida unha tripulación de primeira como a outra. Así que saímos da dársena xa aparelamos as velas e rapidamente unha suave brisa do noroeste encheunas desprazándonos suavemente cara ó norte. O pouco tempo xa estabamos no medio da enseada de Bueu aproando cara á Sanxenxo.

Nunca pensei que fora tan fermoso navegar a vela pola noite, mecidos polo vento so se escoitaba o ruído do mar a medida que a nosa proa fendía as ondas. Ao fondo víanse as luces da fermosa praia de Beluso que parecían saudarnos ó pasar, sentíame coma un viaxeiro no tempo, imaxinábame aquel Bueu de hai cen anos onde traíñas e xeiteiros saían de noite por decenas á pesca da sardiña, baixo a luz daquela mesma lúa que agora nos alumeaba a nós. Non me esquecín de saudar ó monte Liboreiro, o gran vixía, agora coxo, sempre alerta, coidando do pobo dende a súa privilexiada atalaia.

- ¡Suso, vaite a proa a ver se hai ardora! – a voz do patrón sacoume do meu ensoñamento e dirixinme áxil para comprobar a orde. Asoimei a cabeza e vin como o mar

fosforescía en azul o golpear contra a proa, tamén se vían uns pequenos lóstregos azuis polo fondo.

- Si que hai, respondín e tamén se ven peixes moverse polo fondo.

- ¿E que peixes son? -preguntoume o patrón.

- Nin idea –respondín eu sorprendéndome daquela estraña pregunta. Pero o pai de Fidel achegouse a proa e observou por un momento.

- Non ves como dan voltas, esas son cabalas, as sardiñas andan mais dereitiñas enfiadas en grupos.


Quedoume cara de parvo, ignoraba completamente que se puideran coñecer os peixes con tanta precisión pola estela que formaban cando removían a ardora (ardentia)

do fondo. Sen dúbida, o saber mariñeiro nunca deixa de sorprendeme. Como dicía alguén, neste pobo non sabemos o que temos.

Axiña pasamos a pedra do Cabalo, pousadeiro por excelencia dos galos mariños, o pouco tempo, o patrón mandou aproar e arriar as velas, semellaba un lugar axeitado para largar e así o fixemos. Pouco a pouco, con xeito, enfilando cara Raxó na procura de que o aparello quedase atravesado a saída do sol, cara o cal se desprazan as sardiñas o alborear o novo día (outra vez me quedou cara de parvo). A uns 100 metros cara terra a outra embarcación facía o mesmo mentres cantaban animados pola suave brisa daquela máxica noite.

Rematamos de largar o aparello e agora só quedaba agardar. Eu tombeime enriba da tilla de proa a descansar mentres o barco se deixaba arrastrar pola brisa do noroeste e co el o aparello do xeito a espera de que as sardiñas mallasen nel. Púxenme a contemplar o ceo, tódalas estrelas estaban alí, o mar seguía petando suavemente contra a embarcación, semellaba querer falar comigo para contarme ó oído segredos doutro tempo. Segredos de piratas e corsarios, de grandes aventuras polos mares do mundo. Faloume daquel pirata francés, que se namorou dunha fermosa doncela que vivía no pazo de Santa Cruz, tanto que a piques estivo de ficar o pirata en Bueu para sempre. Faloume dos tempos nos que as grandes baleas entraban na nosa ría para empacharse cos millóns de sardiñas que por ela bulían. Faloume de cando centos de dornas e botes polbeiros veleaban a tal velocidade pola ría que semellaban grandes bandos de galos mariños voando sobre o mar.

“ Nunca pensei que fora tan fermoso navegar a vela pola noite, mecidos polo vento so se escoitaba o ruído do mar a medida que a nosa proa fendía as ondas.





E así rematou aquela fermosa xornada de pesca, na unha fermosa noite ó xeito que gardaremos para sempre, que fomos xiteiros por un día, mellor dito por unha noite, como unha pequena xoiá, nun recuncho da nosa memoria.

Xa pola noite, asamos as sardiñas na praia de Pescadoira; poucas cousas neste mundo cheiran tan ben como unhas sardiñas asadas ao carón do mar nunha fermosa noite de verán, é algo difícil de explicar. Soaban as gaitas e a xente achegábase atráda por aquel irresistible arrecendo, -¡carallo, que boas están!- dixo alguén. Home, como que foron pescadas ó xeito e en embarcación tradicional –respondílle eu. Vos digo tamén que na miña vida probel unhas sardiñas tan boas.

- ¡Polo menos xa non voltamos sapateiros! – berron alguén. O final xuntamos unha caixa de sardiñas cada barco, non era moito pero tampouco estaba tan mal. Axíña ízamos o velamen e voltamos cara ó porto, veleabamos a todo trapo para ver quen chegaba antes a porto cos sardiñas. Como facían antigamente xa que o primeiro barco en chegar era o que conseguía os mellores prezos para o peixe. Non me lembro quen gañou pero a iso das nove da mañá xa estábamos de volta no peirao. Alguén turistas madrugadores, atrádos pola facheirosa tasquita dos barcos, achegáronse para sacarlle fotos a aqueles estraños mariñeiros que semellaban doutra época.

“Poucas cousas neste mundo cheiran tan ben como unhas sardiñas asadas ao carón do mar nunha fermosa noite de verán, é algo difícil de explicar.”

- ¡ Veña chavales, imos alá! -Por fin chegara o momento de levantar o aparello, a ver se tínamos sorte coa pesca. O principio non aparecía nada, logo unha sardiña, logo outra.

Esportoume a claridade do novo día que xa iluminaba tamén os edificios do centro de Buen, daquela non lembro que se viran tantos guindastres dende o mar coma agora. Espertei levemente do meu adormecemento, o pai e o primo de Fidel conversaban sobre as investigacións técnicas das soldaduras de grandes tubarías, axíña xurdiron grandes historias, de cando Samuel soldaba por todos os mares do mundo facendo equilibrios a moitos metros de altura sobre as augas nas grandes plataformas. Pouco a pouco unha suave claridade comezaba a perfilar os montes de Meiro anunciando a chegada do amencer.



## Redacción

# Homenaxe aos Náufragos

Así no lo contaron os escolares, o primeiro contado por unha nena de 8 ou 9 anos, e o segundo por unha de 10 ou 12. Poida que falen do mesmo feito.

## UNHA NOITE INESQUECIBLE

Aconteceu fai moitos anos. Un día gris o barco “María do Carme” saíu do porto de Bueu a levantar as nasas como facían todos os días. Enseguida déronse conta de que unha gran treboada se achegaba. Sentiron medo e a piques estiveron de regresar ó peirao pero Luis, o capitán, non quiso porque estaba seguro que as nasas estaban cheas de polbos. Os dous mariñeiros recollían os polbos á presa pois estaban moi asustados. De súpeto Luis perdeu o control do barco, e este achegábase cada vez máis ás rochas. Os tres tripulantes puxéronse os chalecos salvavidas e tiráronse ao mar pero os chalecos eran tan vellos que xa non flotaban. Aínda miraron como o barco afundiase e estaban seguros que os tres morrerían alí. Luis asegura que tres sereas apareceron e os levaron ata terra. O capitán e un mariñeiro sobreviviron milagrosamente e o outro mariñeiro faleceu.


## UNHA HISTORIA ATERRADORA

A mediados do mes de Xaneiro do ano 1.998 saíu, como facía habitualmente, para o mar as 5.00 da mañá o barco “Virgen del Carmen” con base no porto de Bueu. Arredor das seis da mañá comezaron os mariñeiros a largar as nasas para a captura do polbo: Sobre as 7.00 da mañá remata a largada, fondean, e os mariñeiros baldean o barco, comen o bocadillo e, descansan durante dúas horas.

Ás 9.30 comezan os mariñeiros a dar o lance (consiste en izar as nasas e volver a largalas).

Sobre as 10.00 cando estaban largando, o barco arrimouse moito ás pedras, no lugar de Onza. Isto provocou un buraco no casco facendo así, unha vía de auga e o barco vai ao fondo, quedando dous mariñeiros atrapados no barco e outros dous que sabían nadar, quedaron a flote.

Os servizos de emerxencia e salvamento cando chegaron, a un dos homes rescatados intentaron reanimalo pero acabou morrendo uns minutos mais tarde.



## Poemas

BERTA ALDÁN PIÑEIRO

VIII

A Silvia.

Tes un mar no teu corazón sen diques  
 espazo nú  
 marxe aberta  
 unha soa soedade  
 de misterio tan branco como unha foto revelada  
 un regueiro de tinta luminosa  
 pola costeira esquerda da ría  
 unha forma inacadable de dozura chea nas túas mans  
 largacía tenra de amizade  
 ó redor dos teus ollos  
 lenzos para escribir sen final  
 sobre o espazo nú  
 do mar que hai  
 no teu corazón.

IX

A praia  
 o noso deserto interior  
 no que escribimos  
 nomes prohibidos  
 coa tinta do  
 recordo.

X

Vivía  
 tan perto do mar  
 que sentía  
 polo cabo das veas  
 o transparente naufraxio da medusa

XI

Decíamos  
 a palabra medusa  
 tan devagar  
 que podíamos navegar  
 a rentes da balea  
 que habitaba no seu interior.

XII

Tender o meu camisón  
 mollado ao vento  
 dos teus ollos non foi a solución  
 Ti, miña única bandeira,  
 enchoupado nas  
 xerfas íntimas  
 que emanan polos  
 poros do meu  
 corpo

XIII

Agochar  
 o alento da medusa  
 no buraco  
 das nosas mans  
 como música  
 na caixa das bailarinas.

XIV

Onde andas?  
 Que coordenadas debo  
 na constelación amarela das medusas  
 trazar no mapa  
 dos soños.

XV

Houbo un ano enteiro  
 que non saín da casa  
 Recibía tantas chamadas  
 que o teléfono  
 enfermou de afonía crónica.  
 Pasaba as horas  
 detrás da xanela do meu  
 cuarto  
 a mirar como o  
 mar  
 agabeaba por toda a praia  
 que era a metade  
 do meu mundo  
 A outra metade  
 fôrase contigo  
 a aquel país  
 de parques e estatuas.


XVI

Atravesando o océano  
 quería a medusa  
 ser cometa.  
 No medio da  
 noite  
 no máis profundo  
 do mar  
 era de día.

Berta Aldán Piñeiro

**XAIME TOXO**

Non ser sereas levoulles anos.  
Escuras  
Como adeuses.  
Como raíces que se afunden na terra.  
Como certas bágoas de chuvía gris.  
Eran unha distancia  
e un presentimento.  
Unha habitación atuída de ecos,  
coa roupa ciscada polo chan.  
Algo máis que un mar polo medio  
ou un refacho de salgada ardentía.  
Unha humidade no corazón  
e un mandil cunha xouba bordada no peto.  
Fotografías esquencidas entre cadeas de montaxe e empaquetadoras.  
Mensaxes na cartografía do paraíso:  
“Agora vivimos aquí”.  
Na fábrica pechada e grande,  
edificada no aire do recordo  
con alicerces de saín e teitos de madeira.  
Acubilladas nos niños das anduriñas.  
Viaxando polos berros que non han volver  
pero siguen a chamar por elas dende as coordenadas remotas das baiucas.  
No espazo morno dos sons  
escochando verbas nos contraluces do terreiro,  
á sombra das fachadas xiadas  
de baldosas pintadas por Lugrís.  
Detidas na nada;  
ou, o que peor, no derrubado baleiro da nada.  
Antes da chegada da ferruxe.  
Eran mirada de vento e soedade de encerro  
co puño en alto.  
Quizais foi así como elas naceron,  
mariñeiras desde o principio.  
Escuras e tenras  
como as horas que na invernía  
pasaban ollando o mar.



# Escritos Escolares

Concurso Literatura Mariñeira Bueu 2008

## A HERDANZA DUNHA PAIXÓN

Clara García Lorenzo

1º Premio - Categoría 3º e 4º ESO

Desde 1920 pasaron moitos anos, si, pero algunhas cousas case non cambiaron. O meu bisavó fundou nese ano o que actualmente é o estaleiro de Purro. O que ninguén imaxinaba era que nos ía transmitir a moitos descendentes unha paixón, unha paixón fermosa, inigualable.

O primeiro en herdala foi o meu tío Paco, máis coñecido como Paco Bicho. Amante do mar coma ningún outro, coñecedor de todo o coñecido e do que está por coñecer, poeta único e amigo de todo o mundo. El decidiu encargarse dunha dorna, a que máis tarde chamaría Martola. Con ela percorreu todos os mares que estaban ao seu alcance, e agora, aínda que non está aquí, eu sei que segue navegando pero por outros océanos.

O segundo en herdala foi o meu irmán, Nano. El tamén fixo unha dorna, a Tourona, e cada vez que navegamos nela a brisa trae consigo un recordo que nunca se nos esquecerá.

A terceira son eu, o meu peto segue medrando, pero non de cartos, senón de ilusión. Nun futuro, con esa ilusión, farei tamén unha dorna que levará o nome de Bicha, en honor ás persoas que tantas cousas me transmitiron.

A carpintería de Purro estaba situada en Montero Ríos. Nesta zona dábanse as condicións idóneas xa que tiña boas comunicacións, estaba ao lado da praia e tamén estaba próximo o río Bispo, en cuxo cauce se enterraba a madeira como un tratamento de curación. Moitos veciños comentan a modo de anécdota que cando se canalizou o río aínda había madeira soterrada... Madeira, de carballo xeralmente, destinada á construción de elementos estruturais, como a quilla, a roda e o codaste.

O estaleiro adicaba a súa produción a embarcacións de pequeno porte: gamelas, chalanas, lanchas xeiteiras, botes polbeiros e incluso se chegaron a construír unha ducia de traíñas.



O estaleiro está ligado á historia marítima de Bueu: foi a derradeira carpintería de ribeira en activo. A súa imaxe é un vínculo de unión entre o pobo de Bueu e o seu pasado, sempre vencellado aos barcos e ao mar.

As veces dóeme escoitar comentarios como “Isto non pinta nada aquí” ou “Calquera día cae todo abaixo”; por iso pido desde aquí que o estaleiro continúe con esa paixón e que ninguén destrúa tanta cultura como hai nel, porque palmeiras e bancos sobran... Non pido que siga nese estado, pero si que o restauren e, por exemplo, fagan un anexo co museo Massó.

## A MULLER E O MAR

Nuria López Lorenzo

2º Premio - Categoría 3º e 4º ESO

Dende hai séculos e séculos a muller tivo un papel moi importante en canto á súa función social: encargábase de coidar e educar os fillos e facía as tarefas da casa (como limpar, atender o gando, preparar a comida e telo todo a punto para cando chegara o seu home despois de pasar todo o día traballando). Pero as mulleres das rías galegas sempre atopaban un anaco de tempo na súa axustada axenda para dedicarse ao mundo do mar, aínda que o seu traballo non sempre foi recoñecido e valorado coa merecida importancia. Redeiras, mariscadoras, regateiras ou empregadas nas fábricas de conservas son algúns dos oficios típicos que a muller vén desenvolvendo dende moito tempo atrás.

O traballo das regateiras é quizais o traballo máis coñecido e que máis se segue realizando hoxe en día. Estas mulleres levantábanse cada mañá moi cedo para estar preparadas no porto no momento no que os mariñeiros chegaban de faenar. Elas levaban o peixe fresco nas súas patenas (sobre a cabeza, con grande equilibrio, ou baixo o brazo) cara á lonxa, onde llelo vendían ás persoas que se acercaban, ou levábano de aldea en aldea para vendelo ou trocalo por produtos agrícolas. Este traballo convertía as mulleres nas donas dos cartos e, polo tanto, da despensa.

As atadeiras ou redeiras son tamén moi importantes na nosa cultura mariñeira, e delas e da súa habilidade no manexo das agullas dependía que as redes de liño, cânabo, algodón ou ticum estivesen arranxadas para que os homes puidesen ir traballar. Ademais de arranxar e preparar as redes estropeadas tamén tiñan que compoñer unhas novas para que ningún imprevisto no mar puidera pillar desprevidos aos mariñeiros. As redeiras tiñan que traballar día si e día tamén, ventase ou fíxese calor; ás veces ata o facían debaixo dun carro para non mollarse os días de chuvia.

Un dos traballos máis duros que a muller facía e segue a facer no mar é o de mariscadora. Desafían as baixas temperaturas da auga e o frío para coller os mellores manxares que se poden atopar nas praias e nas rochas. Enfróntanse ás maruxías do inverno, ao abrasador calor do verán e a outros moitos perigos para coller uns bens escasos pero moi apreciados, como por exemplo os percebeles.

Cando chegaron ás nosas costas as empresas conserveiras, ofrecéronlles ás mulleres un novo papel, as coserveiras. As mulleres que tiñan este emprego levantábanse todas as mañás moi cedo co son da sirena da fábrica e pasaban todo o día traballando. Traballaban sobre todo con peixes azuis e moluscos, limpábanos, cociñábanos e logo gardábanos nas latas de conservas.

Todos estes oficios que as mulleres desenvolvían antigamente, e seguen a desenvolver hoxe en día, móstrannos a importancia que teñen no sector pesqueiro galego e tamén na sociedade; pero aínda así, estas mulleres seguen loitando para mellorar a súa condición social, para que os seus salarios non sexan tan baixos e se correspondan co gran traballo que desenvolven.



## ¿SERÍA CUESTIÓN DE SORTE?

*Beatriz Vidal Patiño*

1º Premio - Categoría 1º e 2º ESO

Hai algúns anos, cando eu era unha cativiña dun ano, vivín a miña primeira gran aventura, e comenza así:

Era no mes de outubro, e o meu avó que se chama Juanito andaba a traballar no mar, nun barco coñecido polo nome de Jocabal. Aquel mes o meu avó pasouno queixándose de que lle daba igual saír ao mar ou non saír, porque dicía que non daban pescado nada.

Meu avó, así coma o meu padriño que se chama Manolo (o armador) e José (o mariñeiro, dedicábanse a traballar, ante todo, as nasas do polbo, aínda que tiñan outras moitas licenzas para ir ao mar, e tamén outras artes de pesca (nasa de faneca, rastro de ameixas...). Eles estaban acostumados a coller moita pesca, pero como pasa ás veces tamén lles chegaron os tempos das vacas fracas.

Toda a miña familia é da illa de Ons, e como é tradición, o día primeiro de novembro ou día de defuntos, os colonos da illa de Ons vanlles render culto aos seus defuntos por medio dunha ofrenda floral. Algúns anos atrás as xentes de Ons collían os barcos de pesca, e ese era o medio de transporte para ir toda a familia á illa.

Daquela, os homes ían pescar os pintos e as maragotas para comer, mentres que as mulleres abrían as casas, amañábanas e ían ao cemiterio poñer candís, velas e flores para honrar os mortos. Ese mes de novembro, concretamente o día un, coincidiu no medio da semana, e entón os armadores dos barcos colleron as súas familias para levalas á illa e despois ir largar as nasas do polbo para ver se pescaban algo.

O meu avó e o meu padriño decidiron todo o contrario, decidiron ir largar as nasas primeiro, pola parte de detrás

do Centulo e despois levarnos á terra e quedar a axudarlles ás mulleres. Despois, antes de volver a Bueu, levarían as nasas coa pesca, recolleríanas e voltariamos todos xuntos. Pero aínda que a miña nai protestou, porque había moitísimo vento e o barco balanceaba moito, a decisión xa estaba tomada.

Eu era a mariñeira máis nova de abordo. Cántame a miña nai que os que non pertencían á tripulación habitual do barco ían todos mareados, e xa como nin se tiñan en pé ían sentados pola ramorta adiante. Pero din que eu co balance o pasaba xenial, e non paraba de rir.

Entón cando o meu avó parou de largar, lavou as mans e colleume no colo, ergueume e el, o meu padriño e José, dixeron: "Seguro que traer a Bea nos vai dar sorte" ... era un presentimento dos tres.

De alí a un anaco chegamos á illa e fixemos todas as tarefas que estaban previstas. A tripulación do barco saíu ao mar ao acabar de comer e de alí a tres horas xa os estabamos agardando no peirao para voltar para Bueu.

Cando os viron chegar, todos gritaban o meu nome con xúbilo. Nun só día pescaran o que non pescaban no mes. O meu padriño riu e dixo que como era tan cativa non me podía levar ao mar, pero si ía pór unha foto miña na ponte do barco.

Din que houbo máis crise na pesca, pero sempre lembran ese día na casa, por algo será...

Meu avó di que esta lembranza vai dedicada ao Jocabal (que se desguazou en agosto do 2007) e á súa tripulación (Juan Patiño Méndez, Manuel Dios, e José).

## ANÉCDOTAS DUN HOME DE MAR

*Jorge Bernárdez Martínez*

2º Premio - Categoría 1º e 2º ESO

Meu pai comezou a ir ao mar con dezaseis anos e leva case trinta e dous no oficio. Durante este tempo viviu circunstancias mellores e peores. Entre elas houbo tempestades, sinistros, etc. De todo isto, vou contar algunhas historias que recorda, pois xa son moitos os anos que leva embarcado.

### O ciclón de Terranova

No ano 1979, indo cara a Terranova no Leonmarco Tres, á altura das illas Azores, atopáronse cun temporal ciclónico que desarborou o barco, rompéndolle os medios que tiñan de salvamento. Para recuperalos, a tripulación tivo que faenar amarrada con trocas, porque os golpes de mar que entraban a bordo do barco poñían en perigo a vida dos tripulantes que procedían a trincar os botes, balsas salvavidas e redes. Con aquel golpe de mar quedaron incomunicados, pois queimáronselles os aparellos de navegación, entrándolle a auga nos aloxamentos de descanso. Como non había medios de achique, tiveron que facelo con caldeiros.

Continuaron a viaxe cara ás illas francesas de Sant Pierre et Miquelón, onde foron arranxar o barco. Tiveron que substituír os cristais que tiñan rotos na ponte por anacos de táboas de madeira. Este era un traxecto que, en condicións normais do tempo, lles levaría entre cinco e seis días e, debido ao mal tempo e ás condicións nas que se encontraba o barco no que navegaba, lles levou trece. Esta era a primeira viaxe que realizaba a este caladoiro.

El comenta que, sen chegar a ese lugar, viviu este suceso, e di que se o barco tivese volto ao porto base que era Vigo, non volvería pisar este caladoiro debido ás informacións que tiña sobre el, que había moito mal tempo, que ía moito frío... etc. En cambio, comprobou que só fora aquela marea, porque el faenou durante once anos no mesmo caladoiro e no mesmo barco sen que lle sucedera nada máis ocasionado por un temporal.

### ***A morte no mar***

O día 18 de novembro de 1985, estando meu pai no Leonmarco Tres, nos caladoiros de Terranova, viviu un suceso moi doloroso.


Estaban os quince mariñeiros preparados na cuberta do barco para botar o aparello ao mar. Cando o aparello baixa pola rampa do barco, leva moitísima forza, debido a que vai pendurado duns cables de aceiro aos que lles chaman lanteóns. O desafortunado protagonista desta historia tivo a mala sorte de, nun descoído, bater co aparello e caer ao mar pola rampa.

Nese intre, os seus compañeiros pararon inmediatamente a faena e foron axudalo desesperadamente. Moveron os reflectores cara ao mar intentando localizalo e axiña deron con el, pois estaba cos brazos levantados pedindo axuda. Lanzáronlle un aro salvavidas a ver se intentaba collelo pero el entre a impresión de caer e a temperatura da auga, que neses mares é moi fría, fracasou no intento e perdérono de vista entre as augas do mar.

Poucos segundos despois volveu a flote pero esta vez xa con menos forzas e, sabendo que tiña poucas posibilidades de seguir vivo, fixo un xesto como se quixese despedirse dos seus compañeiros. Esta foi a derradeira vez que os tripulantes do Leonmarco Tres viron o seu amigo Trini (que era o seu alcume a bordo do barco) pois despois diso volveu desaparecer e esta vez para non volver nunca máis.

Seguiron toda esa noite buscando o seu corpo e, despois de pedir axuda, estiveron rastrexando a zona durante dous días máis a ver se podían recuperar o seu cadáver, pero isto foi imposible. Entón, tiveron que abandonar a zona e poñer rumbo ao porto de Sant Pierre et Miquelón en Canadá para facer os trámites necesarios que lles piden nestes casos.

Logo, celebraron unha misa funeral pola súa alma e moi aflixidos tiveron que voltar aos mesmos caladoiros onde sucedera o fatal desenlace e continuar marea ata febreiro do ano seguinte.



### ***Rescate do María Gallego***

Hoxe en día, meu pai faena no caladoiro de Gran Sol, unha cousa parecida ao de Terranova, pero sen tanto frío. Está embarcado no Pescaberbés Tres. Neste barco tamén viviu un dos episodios que nunca se debería vivir. Tivo que ir ao rescate do María Gallego porque eran os que máis preto estaban del. Isto foi xa nunha data recente, en agosto de 2006.

Eran as cinco da madrugada. El atopábase no seu camarote descansando e foi o patrón a pedirlle que se levantara porque tiñan que ir ao rescate dun barco que se estaba afundindo debido a unha vía de auga. Meu pai preguntoulle sorprendido onde estaba o barco e o patrón contestoulle que a dúas millas deles, pero que xa non se lle miraba o alumado.

Este naufragio foi unha cousa vista e non vista, pois en cuestión de vinte minutos o barco afundírase. A tripulación do barco sinistrado empregou os medios de salvamento que lles deu tempo. Uns tiñan chaleco e outros non. Algúns tiñan roupa de abrigo, outros simplemente coa que se atopaban na cama, pero todos se botaron ás balsas salvavidas que foi onde os encontraron cando chegaron ao lugar do suceso.

O barco xa se atopaba mergullado entre as augas do mar. Só se vía a ponte do barco somerxida e as antenas da telefonía que era o único que quedaba a flote.

Rescataron, por sorte, a toda a tripulación que se atopaba a salvo en dúas balsas salvavidas, mollados e cheos de frío. Subiron pola escada de gato polos seus propios medios... iso os dunha balsa, porque os da outra rescatáronos enganando a balsa co guindastre do que dispón o barco xa que doutro xeito o único que conseguirían sería afundilos. Non era un día de mal tempo, pero tampouco había moita calma. Como lle soe chamar meu pai: Un día de "trangallada".

Unha vez a bordo do barco, sans e salvo, déronlles de comer, roupa e calzado e trasladáronos ao porto máis próximo que era o de Castletown, en Irlanda.

### ***LADY CHATERLI***

*Álvaro García de León Rodríguez*

*1º Premio - Categoría 3º de Primaria*

Os vellos mariñeiros da vila de Bueu xuntábanse en coro medios sorprendidos pola noticia; na praza as pescantinas non vendían o peixe, a xente falaba e falaba de algo que lles contaron os seus avós pero que non crían, e pensaba que se limitaba a unha lenda de vellos para asustar aos nenos.

Contaban os antepasados do lugar que no século XVI as goletas comandadas polo capitán don Álvaro García de León atacaran un barco inglés que viña cheo de lingotes de ouro e outras xoias próximas á cara norte da illa de Ons. Eles falaban dos espíritos dos mortos deses militares que algunhas veces polas noites saían do barco e asustaban os mariscadores que saían a faenar.

Moitos deles, asustados, contaban aos seus compañeiros, nas tabernas e á beira dunha botella de viño, mil e unha historias, ás súas mulleres e aos seus fillos e a todo o que quixese escoitalos.



A noticia saltou dun submarino da Xunta de Galicia que estaba estudando os fondos mariños da zona; descubriu a goleta e nunha parte do casco medio esnaquizada polos anos e os animais víanse as letras “The Lady Caterli”.

O Lady Chaterli levaba alí durmido na súa tumba máis de 400 anos: parecía fantasmagórico, coa madeira carcomida, os ferros oxidados..., e aínda así parecía maxestoso para os técnicos que, asombrados, non paraban de gravar no vídeo e de facer fotografías para os seus estudos.

Non era demasiado grande; e os seus maiores inquilinos eran un par de quenllas da zona (dos cales máis asustaban os seus nomes que a súa fereza xa que eran inofensivos), unhas familias de polbos e os peixes habituais: fanecas, cangrexos, maragotas, etc.

O xefe da expedición faláballes aos seus compañeiros e recordaba cando, estudando na universidade, lle falaran do Lady Chaterli e, emocionado, lles contou a historia de como se afundiou o barco e das xoias que posuía.

O submarino tiña uns brazos articulados e un pouco grandes para os buracos da goleta pero aos poucos, e coa pericia do capitán do submarino, puideron introducirse por unha banda á adega do barco.

Alí estaba todo escuro e, como case non se vía nada, tiveron que enfocar coas luces de adiante máis outros focos que levaban para situacións difíciles; moveron un pouco a terra estancada durante tantos anos e, logo de rebuscar e rebuscar, atoparon unha caixa forte grande, robusta e negra, que puideron alzar cos brazos do submarino.

Logo de alzar a caixa, decidiron intentar abri-la... era difícil, non se deixaba, e entre dous homes intentárono de todos os xeitos posibles, ata que se oíu a palabra máxica... un crak, crak...

Todo o mundo, nervioso, se apiñaba ao redor para ver o que alí aparecía e... Alí estaba... todo o que os antepasados falaran durante séculos... ¡Os lingotes de ouro!... Tantos que a vista non alcanzaba a contar... Paralizados ao principio, abrazáronse todos felicitándose polo achado.

Cando a noticia chegou ao pobo, o barco da Xunta estaba atracado xa no peirao. Centos de veciños e curiosos estaban conversando sobre o tema do día, do ano e eu diría que do século. Por certo, o narrador desta historia estaba encantado... eu, dalgunha maneira, pertencía á historia do pobo xa que o capitán da goleta española, Álvaro García de León, seguramente era antepasado meu... ou non.

## VIDA MARIÑEIRA

*Antía Abal Piñeiro*

*2º Premio - Categoría 3º Ciclo de Primaria*

### **Cultura Mariñeira**

A costa galega esténdese ao longo de 1.195 km desde a Ría de Ribadeo ata a Ría da Garda.

Esta está formada por as Rías Altas (Viveiro, Barqueiro, Santa Marta de Ortigueira e Cedeira, entre outras) no noroeste e norte, as Rías Baixas (Muros, Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo) ó oeste, entre ámbolos grupos atópanse as Rías Centrais (Corme, Laxe, Camariñas e Corcubión).

En todas elas encóntranse importantes pobos pesqueiros onde, ao redor deles desenvólvese a vida mariñeira en Galicia.

Desde séculos atrás, o mar foi un medio de vida para milleiros de familias. Nel atopaban a principal fonte dos seus ingresos, xa que da traballo a mariñeiros, redeiras, pescantinas, empregadas das conserveiras, etc. Na Antigüidade a pesca foi un instrumento utilizado para o autoconsumo pero, pouco a pouco, coa chegada ás vilas de xente doutros lugares empezouse a comerciar co peixe.

Isto provocou novos empregos coa creación de fabricas conserveiras e de salazóns, que supuxeron a entrada en Galicia da industrialización que xa sufrira o resto de Europa.

Nas vilas costeiras, a pesca segue sendo un sector moi importante que leva consigo unha longa tradición, xa que as costumes mariñeiras pasan de xeración en xeración, aínda que ano tras ano vanse engadindo novos métodos tanto de pesca coma de comercialización, provocando o paso dunha pesca tradicional a unha máis moderna.

### **Tradicións e Crenzas na Vida Mariñeira**

Ritos de protección: na vida mariñeira existen toda unha serie de tradicións que buscan a protección da casa fronte a toda clase de inimigos invisibles. Cando as casas están en construción agóchanse, dentro das paredes, moedas que tiveran unha cruz e cando se rematan pónense en recunchos, ferraduras ou ramos. Hoxe en día estase a substituír por comidas festivas ou polas súa beizón por parte do cura do lugar.

Así mesmo, as entradas da casa estaban protexidas ó colocar ramos con xestas en flor (no mes de maio) ou ó pintar cruces de cor (normalmente vermella) nas portas para que os malos espíritos non entrasen na casa.

Hai tradicións para os barcos novos, xa que cando se produce a botadura dun buque celébrase a cerimonia escachando contra él unha botella de cava, levando beizón por parte do cura ou poñéndolle o ramo ou allos en calquera recuncho da embarcación. Son tradicións que sobreviven probablemente derivadas doutros ritos arcaicos. Outras ocasións onde se celebran ritos de protección dos buques son na noite de San Xoán, cando tamén se lle depositaban ramos de xestas ou codesos, e no sábado de Gloria, espallándolle enriba auga bendita.

Frecuentemente, e despois dunha mala pesca, era costume mallar a rede cunha xesta ou con vimbios e, incluso o propio barco.

Para protexer a pesca, son variados os ritos que, no mundo mariñeiro se realizan co gallo de tentar de atraer a pesca: mediante asubíos, facendo ofrendas ó mar, como botar ó mar anacos de pan de millo, ou indo á misa antes de comezar a tempada de pesca. Outros ritos máis relacionados cos aparellos de pesca, por exemplo cando se remataba de construír un aparello, sobre todo redes, botábanse sobre elas allos, bendiciábase con auga bendita ou viño, ou golpeábase cunha pola de acivro.

### **A Relixiosidade do Mundo Mariñeiro**

A fonda relixiosidade do mariñeiro galego é ben coñecida e dela consérvanse moitos e variados ritos. Non é estraño a busca de axuda sobrenatural cando se hai que enfrontar ós perigos que o mar presenta.

Un dos máis difundido é o do saúdo, consiste en saudar dende o barco ás capelas de virxes ou santos situados nos promontorios da costa. Normalmente acompañábase dun grolo de augardente que o patrón lle ofrecía á tripulación. Outras costumes eran a beizón do barco ó comezar unha nova tempada de pesca ou ir en procesión ata ó santo o que se lle tiña devoción cunha maqueta do buque, que se deixaba na igrexa. Tamén as oracións ou ritos para evitar ben para evitar temporais o ter ventos favorables.

Nas costas galegas sucédense as devocións. Cada aldea, cada Vila, cada lugar zoupado polas ondas e que sabe de invernos escuros e treboentos, foi tendo a súa particular devoción e erguendo o seu senlleiro patrón. Pódese citar a Virxe do Chamorro, patroa dos mariñeiros do Ferrol, San Roque na mariña luguesa, Santa Bárbara, señora da Area en Sanxenxo, e que según afirma a tradición ten o honor de impedir que ningún mariñeiro afogue nesas augas, pois como di a cantiga: "Nosa Señora da Area / dona da Lanzada / non permite que o mariñeiro / teña morte afogada".

Identificacións e advocacións curiosas incluso se dan en lugares como Xuño, en Porto do Son. Alí o cadáver dun descoñecido mariñeiro que levou o mar á area foi identificado como o mesmo arcanxo San Miguel, e a súa tumba era o lugar ideal para deitarse e así recoller os beneficios daquel soño: a seguridade da súa protección e o afastamento de desgracias do mar.

### **O Papel da Muller na Vida Mariñeira**

O papel tradicional da muller na vida mariñeira é variado: non fai falla dicir que cumpría coas tarefas tradicionais que se lle outorgan á muller, isto é, criadora dos fillos e responsable da súa educación e administradora da casa.

Outra función típica da muller era a da venda do peixe. Unha vez descargado o peixe era a muller que tiña que vendelo, na lonxa ou aldea por aldea para trocalo por cartos ou outros produtos. Era a dona dos cartos, da despensa. O home solo participaba nas compras maiores ou de aparellos para a pesca. Coa chegada dos Cataláns e dos almacéns da salgadura, a muller entrou a traballar como empregada, como man de obra nas conserveiras. As atadeiras e redeiras, con funcións de compoñer novas rede ou arranxar aquelas que chegan rotas ó porto, ou tamén tinter as redes.


### **O Papel do Home na Pesca**

Dende neno, xa nos seus xogos, o neno que nace nunha Vila mariñeira do litoral galego, vaise preparando para a vida que lle agarda: saltando dende as gamelas, pescando nos peiraos, xogando con barquiños de madeira.....

Dende 7 ou 8 anos comeza a enrolarse e pasa a formar parte da tripulación, limpa o barco, axuda na cociña, aprovisionado, era o criado da tripulación e o único que recibía era o aprendizaxe do oficio e o dereito de pescar para sí. Mellorando o seu coñecemento, pasaría a pescar para a comunidade participando no reparto das ganancias, ata pasar á categoría de mariñeiro por decisión colectiva.

Para ser patrón facía falla ser un bo mariñeiro e ter medios económicos para mercar a embarcación, coñecemento sobre os fondos mariños, onde pescar cada tipo de peixe e saber dos mellores sitios para a pesca. Valorábase ter dotes de mando e saber levar con seguridade a tripulación, os aparellos e o propio buque, e ser xusto no seu cargo.

Ser mariñeiro implica un coñecemento total do traballo no barco e ademais do traballo a bordo, tamén debería colaborar no traballo en terra: limpeza de aparellos, arranxo de redes e o seu traslado. A máxima aspiración era chegar a ser dono do seu propio buque, ou, o que é o mesmo, ser PATRON. Cando o barco chegaba a porto o primeiro era apartar unha certa cantidade de peixe, "o peixe de comer", "quiñón". O reparto era responsabilidade do patrón e cada tripulante podería vendelo ou levalo para a súa casa. O resto se vendía para comercialización.



### **CARTA DENDE O MAR**

*Yerai Álvarez Gallego*

*1º Premio - Categoría 2º Ciclo de Primaria*

Ola nenos :

Son o mar e vou falar de min. Primeiro vouvos nomear algúns animais que viven en min . Pódovos dicir algún mamífero como son a balea e o golfinho coñecidos por moitas persoas.



Tamén conviven con estes grande variedade de peixes que vos vou dicir a continuación: lamprea, abadexo, atún, bocarte, congro, pescada, quenlla, xurelo, sardiña, robaliza, alcrique, solla xarda, raia, bacallao, rodaballo, linguado, castañeta, peixe espada, cabalo de mar, peixe sapo e moitos outros peixes. Ademais tamén albergo a outras especies como poden ser: lagosta, centola, lumbrigante, croque, estrelamar, esponxa, longueirón, percebe, polbo, ... etc.

#### XA SE VOS ESTA ABRINDO O APETITO, A QUE SI.

Con tódolos habitantes que viven en min dou traballo a moitos dos vosos pais que se encargan de pescar algúns destes animais para poder gañar cartos e así poder darvos todo o que necesitades.

Ademais disto tamén son divertido sobre todo no verán. Nesta época do ano teño visitantes moi especiais: A xente que se baña en min sobre todo os meus amigos os nenos que se divirten nadando, mergullándose e xogando a salpicarse coa miña auga uns ós outros as veces éntralles a miña auga na boca e a escupen rápidamente porque ten moita sal. Polo fondo de min, se vas cunhas gafas adecuadas e osixeno, podes mirar moitas cousas como algas, corais, rochas, cunchas, barcos afundidos con tesouros e podras observar os meus habitantes.

Algúns científicos din que a miña auga non e pura, din que contén cantidades de outras materias ben disueltas, e ben en suspensión. Tamén din que estou composto por toneladas de metais preciosos.

E certo que eu conteño moitos deses metais, pero extraelos custa moito e non se aproveitan polo home.

Sen embargo a sal que conteño, sabor que poden apreciar todos os que veñen a xunto miña no verán, foi utilizada a través da historia, polo que o seu valor e infinitamente maior co dos metais.

Escribo esta carta dirixida aos nenos para pedirvos que teñades coidado de min que me tratades ben e que non votedes lixo en min porque iso ten como consecuencia cós meus inquilinos morran. Algunhas especies estanse a extinguir por que xa teño moito lixo e isto enristéceme moito. Cada día estou mais baleiro e pode chegar un momento en que me quede sen inquilinos. Se isto ocorre non poderedes comer máis peixes nin marisco nin outras delicias que saian de min.

Pídivos que vos mostredes moi coidadosos e me tratades ben. Espero que lle leades isto a moita xente para que me traten moi ben. Oxalá poida darvos alimentos durante moitos séculos, e seguir vindo no verán durante moito tempo.

Espérovos este ano na paria.

Un saúdo

O mar.



## LENDAS DAS MAREAS

Yaiza Saa García

2º Premio - Categoría 2º Ciclo de Primaria

Preguntástevos algunha vez onde se mete a auga cando baixa a marea? Eu moitísimas veces. Algunhas persoas contestábanme que cando estaba subida en Bueu estaba baixa no outro lado da ría, ou sexa en Sanxenxo, outras decíanme que se estaba subida na ría de Pontevedra estaba baixa na ría de Vigo. O principio convencíanme pero co tempo averigüei que non en todos os lugares hai rías así que ningunha destas explicaciónes podíanme valer.

Pois ben a ver si vos contentades coa explicación que me dou a miña avoa. Contoume que no mar vive un becho enorme, cunha gran boca parecido a unha toupa pero cun só ollo. Encántalle comer pequenos crustáceos e saltar fóra da auga, pero só sae de noite porque sabe que de día o poden ver e é moi tímido. Ten un pequeno defecto e é que un goloso da auga salgada así que bebe e bebe sen parar e sempre lle pasa que cada 6 horas colle semellante empacho que a ten que vomitar. Entón volve a empezar a beber de novo e así sucesivamente. Ocorre ademais que é moi luático e cando hai lúa chea aínda ten mais sede e... bebe máis.

Seguramente non será esa a explicación de porque a marea baixa e sobe cada 6 horas. Pero, a que é bonita?



## O MEU AVÓ E O MAR

Patricia Torres Ferradás - 4º Curso 2º Primaria

Premio da Asociación Os Galos

Esta é a historia do meu avó Manuel, o pai da miña nai.

Tiña un choupan en el ían pescar o meu avó e o seu compañeiro Salvador. O arte de pescar que usaban era os trasmallos, cunha rede que levaba tres panas. Ían pescar de baixura e collían serráns, maragotas, robalizas e algún marisco.

Pescaban por Tuia, Mourisca, Cabo Udra, Punta Couso (Aldán), e tamén na Illa de Ons.

Cando cegaban cos peixes a miña avoa Manuela ía a praza de Bueu a vendelos. O meu avó tiña un curmán que lle levaba a pesca nun motor ata a praza.

Cando meu avó e o compañeiro volvían á terra, o primeiro que facían era limpar as redes e, si estaban rotas, levabanllas ás redeiras para que llas arranxaran e así estar listas para o día seguinte.

Cando había mal tempo, e non podían saír fora, ían pescar cunha rede que era coma unha rapeta grande e pescaban en Mourisca. Cando se poñía o tempo bon, outra vez volvían ir ao trasmallo, que era a súa pesca.

E así foi a curta vida do me vó, xa que morreu moi novo, aos 40 anos.

Lidia

# A Postal

CÁRTA  
POSTAL

BYGONE

PRIORITY  
AERPOST

Lúth bhléine  
Sea aster

UN SAÚDO DENDE DINGLE UN  
POBO MARINEIRO NO SUROESTE  
DA ÉIRE, TERRA DE  
CURRACHS E DONDE TAMÉN  
SE ESCOITA FALAR  
GALEGO, NO PORTO, CANDO  
CHEGAN OS BARCOS DO  
GRAN SOL,  
UN ABRAZO COMPAÑEIRO

AMIGOS DAS  
EMBARCACIONS  
TRADICIONAIS

ÉIRE 82c

"OS GALOS"

ASTELEIRO DE FURRO

BANDA DO RIO

36939 BUEU

LIDIA

MAC  
PUBLICATIONS

PONTEVEDRA - GALICIA

SPAIN

Currach building on the Great Blasket Island  
in the 1930s. Naomhóg arna dhéanamh fadó.

KILLARNEY PRINTING  
TEL. +353 64 31891

Currach building on the  
Great Blasket Island,  
c. 1933



## O Refraneiro

## Refráns da Lúa



Lúa chea, preamar ás dúas e media.

Lúa a pé, mariñeiro deitado.

Lúa deitada, mariñeiro a pé.

Lúa posta, mar a media costa.

Lúa posta, baixamar na costa.

Lúa con cerco, o baixo cheo; estrela no medio, o baixo seco.

Lúa posta, baixa o mar en toda a costa.

Mirache á lúa pero caíches no arroyo.

Muller que ve la lúa chea, non é boa.

Lúa nova con tronada, toda a lúa de invernada.

A lúa como quinta, así pinta.

A lúa como quinta, trinta.

Auga á entrada da lúa, ou moita ou ningunha.

Circo na lúa, lagoa dura; circo no sol, lagoa mol.

Non saías da casa ó luar, que non sabes con quen te podes atopar.

Non saías ó luar, que non sabes quen che quere ben nin quen che quere mal.

Lúa cascabeleira vaise á carreira.

Lúa de mingunte, cornos para adiante.

Lúa de xaneiro non ten apareiro.

Lúa de xaneiro non ten compañeiro senon a de agosto, que lle dá no rostro.

Lúa no crecente, cornos polo oriente.

Lúa nova con treboada, trinta días mollada.

Lúa de xaneiro; e cariño, o primeiro.

O cerco na lúa, a lagoa enxuga.

O circo da lúa a lameira enxuga.

O circo da lúa nunca trae moita chuvía.

Luar de xaneiro non ten compañeiro.

## Redacción

# Auga ¿Un Ben Patrimonial?

Por puro azar, o pasado mes de febreiro, unha empresa que se adica a vender e instalar depuradoras domésticas veu facer a miña casa unhas probas de “calidade da auga” que destinamos ao uso doméstico. Como en moitas casas da antiga usanza temos: auga do pozo, da traída e a das botellas de auga mineral que mercamos para beber. O resultado foi tan impactante que non podo deixar de contalo para quen o queira saber. As catro da tarde chegou o técnico da empresa X e a historia empezou:

Como sabedes a auga supón un 75% da superficie do planeta. Esta auga é a mesma dende a existencia do planeta. A auga naceu no corazón do universo cando o oxíxeno, creado nas estrelas, se uniu ao hidróxeno, a materia máis vella do cosmos.

Fai 4.500.000.000 de anos, a terra era unha bola de magma en fusión cos vulcans da súa superficie. Os gases cargados de vapor de auga que saíron hacia a atmosfera, ao enfriarse a terra, condensáronse e caíron de novo en forma de chuvia. Así comenzou o ciclo da auga: provocado polo calor do sol, evaporando a auga do mar, e pola forza da gravidade, que a fai fluir as augas polas pendentes.

O home, como todo ser vivo, necesita a auga para vivir, esta constitúe as tres cuartas partes da masa corporal. Pero a auga non sempre se pode atopar en estado puro, e o resto dos minerais compoñentes da auga que bebemos, se non son eliminados polo organismo humano, crearán un excedente que se depositará no corpo ...

Despois de unha hora de mentalización viñeron as probas. Conectamos unha depuradora portátil nun grifo da casa, era o maletín que traía o técnico, tiña dous tubos, por un deles saía casi un goteo, e polo outro as impurezas –decía el-, este último levaba máis caudal. Encheu un vaso do tubo menos abundante, era a auga depurada según el. Tamén colleu unha mostra de auga do grifo e da traída, outra de ambas fervidas, e un vaso da auga mineral de botella.

A primeira proba foi comprobar a cantidade de cloro que ten a auga da traída coa que lavamos os alimentos onde se deposita a maior parte deste cloro. Para a miña sorpresa, no que parecía a solución, a auga fervida, aínda se concentraban máis os minerais, o que segundo el saturaba máis de impurezas ao noso organismo. ¡Alá me foi o mito da auga pura!

A proba máis impactante foi a da hidrólise, na que por efecto da corrente eléctrica se separaban as impurezas da auga que caían no fondo do vaso cunha indeseable cor castaño e gris cinza formando un fango asqueroso. Ningunha das augas se salvou, nin siquiera a de botella que eu mercaba por ser de mellor sabor e calidade. É mellor ver as imaxes a que vo-lo conte.

-Se a auga que nos chega ás vivendas está en tan mal estado ¿por qué no nos chega ben depurada?

-Porque a ningún concello lle interesa depurar a auga que non se bebe, sería moi caro.

-Pois si, tiña parte de razón, logo... ¿canto vale unha depuradora no grifo da cociña?

-Tanto.



Resultoume excesivamente caro, lástima, porque o problema, de ser certo, era moi serio. O caso é que no resto do día non puđen beber auga. ¿Onde iba a miña repetida definición escolar de que era un elemento líquido incoloro insaboro e insípido?

Hoxe, xa pasados moitos días de reflexión, valoro a importancia de mellorar a calidade da auga icomo non despois do visto! so que agora penso tamén na do mar, na que beben os peixes, nesa, na que se verten tantas impurezas, contenedores de impurezas. Penso nas rías, nos ríos, nos océanos, nas fontes e nos glaciares. Poida que aínda que me crearon, interesadamente, unha necesidade máis, quero verlle a parte positiva xa que me ampliaron a miña visión da auga.

Dende o momento no que unha molécula de auga se evapora poden pasar días ou decenas de anos, incluso miles se cae na Antártida. Unha pinga de auga pasa uns 8 ou 10 días na atmosfera, de 2 a 3 semanas nun curso fluvial, sobre 100 anos nun glaciar, dende unhas semanas ata millóns de anos se cae nun lago, e pasará de 100 a 40.000 anos baixo terra, filtrándose ata as capas subterráneas máis profundas, das que nacen as fontes. Cada gota pode seguir un ciclo diferente.

Sabemos que non circula de maneira uniforme no mundo, en algunhas rexións abunda mentras que noutras escasea, pero sempre é a mesma auga a que circula, reciclada sen cesar. O calor do sol evapora a auga dos océanos, dos océanos veñen as nubes, das nubes a choiva, da choiva nacen os manantiais e os ríos, os ríos verten nos océanos... Así vai o ciclo da auga, o ciclo da vida, e aínda que todos sabemos que este ben natural escasea e perigra, as veces parece que o esquecemos. Bueno como en todo: uns máis ca outros.

Sorte que esta demostración ma fixo un comercial, se ma fixera un médico a cousa podía ser grave..

# XI Encontro, Bueu 2007

O domingo 19 de agosto do pasado verán 2007, iniciábase o XI Encontro de Embarcacións Tradicionais coa original iniciativa da I Certame de corais polifónicas “Ó son do mar”, organizado pola Coral Polifónica de Bueu. Neste concerto preténdese ensalza-lo mundo do mar. O acto principal era un excelente concerto de habaneiras e cancións mariñeiras, no que participaron tres corais invitadas: Coral Polifónica de Rianxo, Coral Polifónica “Maruxía” de Bueu, Coral de URECA (Unión Recreativa de Empregados de Caixanova); máis a coral anfitriona: Coral Polifónica de Bueu.

Foi un entrañable acto digno da mellor homenaxe que unha vila mariñeira lle pode facer a calquer persoa merecedora.

Como broche do concerto cada ano será homenaxeada unha persoa xubilada que tivese desenvolto a súa vida laboral no entorno do mar dende calquera das súas variantes. Nesta ocasión foi elixida Dona Teresa Queiruga Bastos, conocida como Teresa a “neta”, a que co seu bo facer como mestra redeira na fábrica de Massó toda a súa vida, disfruta agora da jubilación aos 97 anos de idade. Ela nos fixo saber que o acto a enterrecera i emocionara tremendamente, e que só tiña palabras de gratitude para esta iniciativa da Coral Polifónica de Bueu. Unha digna homenaxe feita cando o homenaxeado pode desfrutala como debe ser!



Durante toda a semana, un grupo de 20 socios Galos realizaba sesións (abertas a todo o público) de navegación tradicional nas embarcacións, e mantiña aberto o estaleiro de Purro para ser visitado, xunto coa exposición fotográfica na sala Amalia Domínguez.

O venres 24, as 16´30 do serán, coa forza do sol e a pleamar, facíase a botadura da gamela Manuela, na praia da Banda do Río. Esta gamela ten a peculiaridade de ser, no seu tempo, a auxiliar do bote polbeiro que se expón nunha sala do Museo Massó de Bueu. O polbeiro Manuel e a auxiliar Manuela.

“Saúdos aos navegantes que repetides este ano. Boas singladuras mariñeiros.”

O sábado as 14,00 horas a Coral de Beluso interpretaba dende o peirao da lonxa unha Salve Mariñeira para recibir aos primeiros barcos do Encontro de Bueu. E ¿como non? unha vez máis ditos cantos nos estremeceron.

A comida de confraternización dos navegantes fíxose no Centro social do Mar.

As 16´30 horas iniciábase a exhibición de navegación tradicional. De novo o mar enchíase de maxia: a traslación do tempo, o fermoso colorido, a ilusión e veteranía dos navegantes das diversas embarcacións tradicionais fixeron que por un día nos sentiramos orgullosos das nosas raíces. Dábase ademais a circunstancia que ese día estaban no mar os rapaces da vela lixeira galega, nunha regata que organizaba o Club Náutico de Beluso. O espectáculo aínda era máis fermoso: os máis mozos nos séus barquiños (“de plástico” decimos nós bromeando coa súa composición) optimis e vaurients, barcos de vela lixeira deportiva, eles no medio da ría e nós, os tradicionais, na ensenada de Bueu, entre Lapamán e a Pedra do Cabalo en Beluso.

Unha tarde de navegación placenteira con ventos portantes do N-NE e marexada.

Tras disfrutar da xornada, ao anoitecer, no Centro Social do Mar, proxectouse un traballo sobre a construción da traíña Pescadoira. Neste acto dirixido polo seu creador Claudio Lamosa, onde se entrevistaba a Purro mestre carpinteiro na construción de dita embarcación.

A noite pechabase de novo cunha actuación do coro de Beluso.

E así foi todo: entre Salve e Salve.  
Saúdos aos navegantes que repetides este ano.  
Boas singraduras mariñeiros.